

Traballo de  
Fin de Máster

**A Educación na Natureza na provincia de Lugo. Análise da percepción das AMPAS.**

**La Educación en la Naturaleza en la provincia de Lugo. Análisis de la percepción de las AMPAS.**

**Education in Nature in the province of Lugo. Analysis of the perception of the AMPAS.**

**Autora:** Paula Buján López

**Tutor:** Jacobo Feás Vázquez

**Setembro 2022**

## **RESUMO.**

Na actualidade, cómpre crear alternativas sociais que promovan a reflexión sobre a crise ecolóxica na que estamos inmersas. Dende o punto de vista do ecofeminismo e partindo dunha ética ecolóxica, na que os seres humanos se reconcilian coa natureza e pasan a verse como unha parte dela, tendo moi presentes ás xeracións futuras, propónse a análise documental do concepto de Educación na Natureza, entendendo as súas bases e fundamentos. A través da observación non participante e de entrevistas non estruturadas, realizarase un estudo sobre as diferentes iniciativas de Educación na Natureza dentro da provincia de Lugo. Coñecendo e conversando con estas persoas, examínanse os puntos en común destas entidades, as súas fortalezas e debilidades. Ademais, a través dun cuestionario de opinión, tentárase descubrir cal é a percepción das familias pertencentes ás AMPAS da provincia de Lugo sobre a Educación na Natureza e os Grupos de Xogo na Natureza, determinando se son coñecedoras, ou non, da súa existencia e do seu significado.

**PALABRAS CLAVE:** Natureza, educación, Educación na Natureza, escolas na natureza, bosque escolas, grupos de xogo na natureza, xogo libre.

## **RESUMEN.**

En la actualidad, es necesario crear alternativas sociales que promuevan la reflexión sobre la crisis ecológica en la que estamos inmersas. Desde el punto de vista del ecofeminismo y partiendo de una ética ecológica, en la que los seres humanos se reconcilian con la naturaleza y pasan a verse como una parte de ella, teniendo muy presentes a las generaciones futuras, se propone el análisis documental del concepto de Educación en la Naturaleza, entendiendo sus bases y fundamentos. A través de la observación no participante y de entrevistas no estructuradas, se realizará un estudio sobre las diferentes iniciativas de Educación en la Naturaleza dentro de la provincia de Lugo. Conociendo y conversando con estas personas, se examinarán los puntos en común de estas entidades, sus fortalezas y debilidades. Además, a través de un cuestionario de opinión, se intentará descubrir cuál es la percepción de las familias pertenecientes a las AMPAS de la provincia de Lugo sobre la Educación en la Naturaleza y los Grupos de Juego en la Naturaleza, determinando si son conocedoras, o no, de su existencia y de su significado.

**PALABRAS CLAVE:** Naturaleza, educación, Educación en la Naturaleza, escuelas en la naturaleza, bosque escuelas, grupos de juego en la naturaleza, juego libre.

## **ABSTRACT.**

Currently, it is necessary to create social alternatives that promote the consideration of the ecological crisis in which we are immersed. From the point of view of ecofeminism and coming from ecological ethics, in which human beings are reconciled with nature and begin to see themselves as a part of it, keeping in mind the future generations, this thesis presents a documentary analysis of the concept of Education in Nature, explaining its bases and fundamentals. Through non-participant observation and opened interviews, a study about the different initiatives of Education in Nature in the province of Lugo will be conducted. Meeting and talking with involved people, the common points of these entities, their strengths and weaknesses will be examined. In addition, through an opinion questionnaire, an attempt will be made to discover the perception of the families belonging to the AMPAS of the province of Lugo about Education in Nature and Play Groups in Nature, determining if they are knowledgeable, or not, of their existence and their meaning.

**KEY WORDS:** Nature, education, Education in nature, schools in nature, forest schools, playgroups in nature, free play.

## ÍNDICE

<b>1. Introducción.....</b>	<b>7</b>
<b>2. Análise da proposta..</b>	<b>7</b>
<b>2.1 Xustificación do tema elixido.....</b>	<b>7</b>
<b>2.2 Hipóteses iniciais de traballo. ....</b>	<b>11</b>
<b>3. Obxectivos. ....</b>	<b>11</b>
<b>4. Metodoloxía.....</b>	<b>12</b>
<b>4.1. Marco teórico.....</b>	<b>12</b>
<b>4.2. Marco empírico.....</b>	<b>12</b>
<b>4.2.1. Entrevistas.....</b>	<b>12</b>
<b>4.2.2. Observación non participante.....</b>	<b>12</b>
<b>4.2.3. Enquisa para as AMPAS.....</b>	<b>13</b>
<b>5.1. Que se entende por Educación na Natureza?.....</b>	<b>13</b>
<b>5.2. Existen iniciativas educativas baseadas nos fundamentos da Educación na Natureza na provincia de Lugo?.....</b>	<b>19</b>
<b>5.3. Análise da percepción das familias que pertencen ás AMPAS da provincia de Lugo sobre a Educación na Natureza e os Grupos de Xogo na Natureza.....</b>	<b>24</b>
<b>5.4. É viable a creación dun Grupo de Xogo na Natureza?.....</b>	<b>28</b>
<b>6. Conclusións. ....</b>	<b>29</b>
<b>7. Referencias bibliográficas.....</b>	<b>32</b>
<b>8. Anexos.....</b>	<b>37</b>
<b>8.1. Anexo I. Entrevista a Silvia López Cabanas.....</b>	<b>37</b>
<b>8.2. Anexo II. Entrevista a Minerva Varela Saa.....</b>	<b>44</b>
<b>8.3. Anexo III. Solicitude de colaboración enviada á FAPACEL e á CONCAPA .....</b>	<b>52</b>
<b>8.4. Anexo IV. Cuestionario sobre Educación na Natureza. Preguntas e resultados.....</b>	<b>53</b>

## Índice de figuras.

<b>Figura 1:</b> Idade.....	54
<b>Figura 2:</b> Sexo.....	54
<b>Figura 3:</b> Estudos.....	55
<b>Figura 4:</b> Ingresos económicos.....	55
<b>Figura 5:</b> Nº de fillos/as.....	55
<b>Figura 6:</b> Pertenza, ou non, a algunha AMPA.....	56
<b>Figura 7:</b> O colexio dos meus fillos/as é:.....	56
<b>Figura 8:</b> Grao de importancia do contacto infantil coa natureza.....	56
<b>Figura 9:</b> Que aporta un entorno natural non humanizado?.....	57
<b>Figura 10:</b> Horas, de luns a venres, na natureza.....	57
<b>Figura 11:</b> Dificultades para estar na natureza.....	57
<b>Figura 12:</b> Coñeces os Grupos de Xogo na Natureza?.....	58
<b>Figura 13:</b> Grao de interese sobre os Grupos de Xogo na Natureza.....	58
<b>Figura 14:</b> Aspectos atraíntes do concepto.....	58
<b>Figura 15:</b> Aspectos que non atraen sobre os Grupos de Xogo na Natureza.....	59
<b>Figura 16:</b> Interese por participar nun Grupo de Xogo na Natureza.....	59
<b>Figura 17:</b> Probabilidade de apuntarse a un Grupo de Xogo na Natureza.....	59
<b>Figura 18:</b> Grao de interese das AMPAS.....	60
<b>Figura 19:</b> Actividades interesantes de Educación na Natureza e grao de interese.....	60
<b>Figura 20:</b> Interese para recibir información sobre o Grupo de Xogo na Natureza “Andacamiños”.....	60

## **1. Introducción.**

O Máster de Dirección de Actividades Educativas na Natureza da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo, permitíume afondar nas bases e nos fundamentos da Educación na Natureza. As páxinas que se presentan a continuación recollen un traballo de investigación documental sobre este modelo educativo.

Para a realización deste Traballo Fin de Máster, propúxenme resolver 4 incógnitas:

- 1. Que se entende por Educación na Natureza?** A lectura e a consulta de bibliografía relacionada con esta temática foi imprescindible para poder discernir o que si é Educación na Natureza e o que non. Isto fíxeno a partir da análise documental de libros, artigos, revistas e páxinas web especializadas.
- 2. Existen iniciativas educativas baseadas nos fundamentos da Educación na Natureza na provincia de Lugo?** Para resolver esta pregunta, tiña que coñecer ás persoas e entidades que están levando a cabo actividades relacionadas coas bases e fundamentos da Educación na Natureza na provincia de Lugo. A metodoloxía empregada, neste caso, foi a observación non participativa e a realización de entrevistas abertas.
- 3. As AMPAS da provincia de Lugo coñecen o que é a Educación na Natureza e o que son os Grupos de Xogo na Natureza?** A solución que atopei para contestar esta incógnita foi realizar unha enquisa a través dun cuestionario que cubrirían as familias pertencentes ás AMPAS da cidade e a provincia lucenses, posto que son as nais e os pais as que podían aportar claves sobre o coñecemento ou descoñecemento desta corrente educativa.
- 4. É viable a creación dun Grupo de Xogo na Natureza?** Esta pregunta non ten unha única resposta. Son moitas as variables que afectan a dita viabilidade. Neste punto intentarei amosar a realidade que atopei.

Tralo estudo e a presentación desta información, apporto as conclusións e valoracións críticas persoais sobre o proceso de investigación, toda a bibliografía consultada e os anexos con información complementaria.

## **2. Análise da proposta.**

### **2.1 Xustificación do tema elixido.**

A palabra crise significa, segundo a RAE (2021), “Cambio profundo y de consecuencias importantes en un proceso o una situación, o en la manera en que estos son apreciados.”

Todas as crises e os momentos sociais convulsos provocaron un cambio radical, tanto a nivel de pensamento, como de acción. Para ben ou para mal, estamos inmersas nunha crise e somos as persoas as que provocaremos ese cambio de paradigma, ou non. De nós depende. E Jane Goodal (Ecovidrio, 2019) lémbrao: “El efecto acumulado de millones de decisiones éticas puede cambiar el mundo”.

Na actualidade, os movementos ético-políticos relacionados co coidado e co cambio que se necesita para paliar a crise ecolóxica provocada pola humanidade (Antropoceno) son tres: o ecopacifismo, o ecofeminismo e o multiculturalismo.

En maior ou menor medida, os movementos citados anteriormente pretenden cambiar o modo de pensar e de vivir impulsados polo sistema capitalista dun xeito non violento. O Antropoceno, tamén chamado “Capitaloceno, [...] no todos los humanos (anthropos) son igualmente culpables del desarrollo y la pervivencia de un sistema económico fosilista” (Puleo, 2021; p. 11), provocou a crise ambiental na que estamos inmersas: a 6ª extinción masiva de especies; os efectos (descoñecidos aínda na súa totalidade) da contaminación e o uso de substancias tóxicas do que xa nos avisaba Rachel Carson no seu libro *La primavera silenciosa*; as desigualdades sociais e económicas a nivel planetario, provocadas especialmente por Occidente e pola visión androcéntrica (sesgo da cultura que fai do varón e da súa experiencia, a medida de todas as cousas) do patriarcado; o menosprezo pola sabedoría ancestral, a diversidade e a multiculturalidade; conflitos armados que fan prevalecer métodos violentos que actúan para dominar provocando medo... A lista é moi longa.

Estes movementos o que intentan é impulsar e aportar solucións e alternativas dende un novo punto de vista. Unha mirada global, entendendo que os seres humanos e non humanos somos intradependentes e ecodependentes. Pero para ter claro o camiño a seguir, necesitamos ter moi en conta o principio fundamental da Ilustración e someter a revisión todas as ideas. Xa o di Chimamanda Ngozi Adichie (2017), no seu libro *Querida Ijeawele. Cómo educar en el feminismo*: “lo que espero para Chizalum es lo siguiente: que esté repleta de opiniones y que sus opiniones tengan un punto de partida fundado, humano y de amplias miras” (p.90). En palabras de Alicia H. Puleo (2021), “debemos apoyarnos en quienes nos precedieron, pero para continuar avanzando, no para estancarnos en sus logros o, lo que es aún peor, en sus errores” (p.39). Do mesmo xeito, seguindo co discurso de Puleo, tamén necesitamos dunha aprendizaxe intercultural que nos manteña vivo o espírito crítico e non nos leve a aceptar cegamente

calquera costume que forme parte da cultura global. Posto que, segundo Puleo (2021): “Todas las culturas han sido y son injustas con las mujeres y los animales no humanos. También suelen serlo con las minorías étnicas y sexuales” (p.39). O multiculturalismo transfórmase, entón, en interculturalismo: aprendemos dos demais, pero tamén podemos ensinar.

¿Pero, hoxe en día, quen aprende e ensina en comunidade? ¿A escola, a universidade, a educación formal, axúdannos a crear coñecementos críticos, tendo en conta ás minorías e promovendo o cambio radical necesario?

Este pensamento comunitario non é nada neoliberal. O capitalismo e o patriarcado prefírennos submisas, caladas e illadas. Ás mulleres e a todos os seres, humanos ou non, que interfiran nos seus anhelos por seguir medrando ilimitadamente nun planeta limitado. Este orde establecido sen o noso consentimento provocou que os cimentos do coñecemento estean baseados en prexuízos e estereotipos obsoletos, denominados cultura. Volvo a citar a Chimamanda Ngozi Adichie (2017) que, no seu libro *Todos deberíamos ser feministas* escribe: “Hay quien dice que las mujeres están subordinadas a los hombres porque es nuestra cultura. Pero la cultura nunca para de cambiar” (p.52). Neste libro, adaptación da súa charla TED de 2013, propón: “La cultura no hace a la gente. La gente hace la cultura. Si es verdad que no forma parte de nuestra cultura el hecho de que las mujeres sean seres humanos de pleno derecho, entonces podemos y debemos cambiar nuestra cultura” ( Ngozi, 2017; p.53). O seu discurso estaba relacionado co feminismo, pero eu tráioo a colación, porque dende unha perspectiva ecofeminista poderíamos engadir a todos os seres, humanos e non humanos, para crear un pensamento novo que xere unha nova cultura. Unha cultura baseada na idea de Tercer paisaje postulada por Clément (2021): “el Tercer paisaje se posiciona en relación con la riqueza biológica que posee y no con el valor eventualmente recuperable que representa en el catastro” (p.68). Unha cultura, como decía Thoreau (2021), “que traiga mucho estiércol de las praderas y profundice en la tierra, ¡no ésta que sólo confía en abonos que queman y en utensilios y métodos de cultivo mejorados!” (pp.47-48).

En períodos convulsos, o pensamento filosófico céntrase na ética. O que se valora, o que se intenta, é proporcionar guías prácticas que rexan a conduta humana. Edward O. Wilson, no seu libro *Biofilia* (2021), cita a:

“[...] Aldo Leopold, ecólogo pionero y autor de *Un año en Sand County*, definió la ética como un conjunto de reglas creadas para hacer frente a unas circunstancias nuevas, intrincadas o con unas respuestas tan futuras que para una persona corriente sería imposible prever sus consecuencias finales. Lo que ahora nos resulta bueno a usted y a mí podría resultar amargo dentro de diez años, y lo que parece ideal para las próximas décadas podría destruir a las generaciones futuras” (p.192).

Finaliza dicindo que, por este motivo, é fundamental que calquera ética teña en conta o futuro a longo prazo.

Todas estas ideas lévanme de volta á importancia da ética ecolóxica, na que os seres humanos se reconcilian coa natureza e pasan a verse como unha parte dela, tendo moi presentes ás xeracións futuras. A ética de Epicuro tamén postulou unha aprendizaxe comunitaria, “permitió el ingreso de mujeres de todas las condiciones a ese coto exclusivamente masculino que era el *logos* griego” (Puleo, 2021; p.7). Creou a súa escola e chamouna Xardín. Nese espazo conversábase sobre o respecto pola Natureza, a amizade e a busca da felicidade. “El epicureísmo alertaba sobre el peligro de perder la libertad a causa de un deseo inmoderado de riqueza que lleva a someterse a la voluntad de los poderosos” (Puleo, 2021; p.8). As críticas a esta filosofía foron violentas. Poucas son as obras que chegaron aos nosos días, “porque quienes utilizan el miedo y el terror para dominar a los hombres encuentran en el pensamiento de Epicuro un obstáculo a su estrategia de anulación y de dominación” (Chazarra, 2015). Chegaron a denominar aos seus seguidores, poucos da piara de Epicuro. Pero, imitando a Hayao Miyazaki (1992) co seu *Porco Rosso*, prefiro ser porca, que perpetrar os erros do capitalismo.

Así que, para intentar levar a cabo o cambio radical que se necesita ante a crise ecolóxica, eu quero construír un Xardín comunitario e comprometido coa creación dun futuro digno de ser vivido, tal e como propón Alicia H. Puleo no seu libro *Claves ecofeministas. Para rebeldes que aman a la Tierra y a los animales*. (2021). Inspíranme moitas mulleres, pero tamén moitos homes e moitos seres non humanos que, ao longo da historia da humanidade, axudaron a crear unha cultura e unha ética máis respectuosas e inclusivas.

É por iso que para a realización deste Traballo Fin de Máster (de aquí en diante TFM) centreime en responder a 4 incógnitas que me parecían fundamentais para crear ese Xardín de Epicuro, no que reflexionar sobre novos paradigmas que nos axuden a saír desta crise. Atopei na Educación na Natureza unha corrente educativa que pode dar

respostas innovadoras á crise educativa na que nos atopamos. Dando un paso máis cara unha educación, non só medioambiental, senón tamén inclusiva, holística e integral.

Con este proceso de investigación sobre a Educación na Natureza na provincia de Lugo dinme conta de que en soidade non serei capaz, pero creando redes e comunidade con persoas afíns, poderei chegar máis lonxe. Xa o dicía Celia Amorós en Morán, C. (17 de marzo de 2019): “Nadie piensa solo, nadie piensa sola, pero las feministas menos” e con este TFM fun plenamente consciente do gran agradecemento xeral que debo dar a todas esas persoas que non dubidaron en compartir os seus coñecementos para que poidamos crear o noso, que non é propio, senón que é de todas. “Nada surge de repente cuando se trata de movimientos sociales. Es un trabajo que se va forjando, que tiene fases, que evoluciona, se agita, se amalgama, aparentemente no pasa nada, pero la gente va haciendo suyo el movimiento.” Morán, C. (17 de marzo de 2019).

## **2.2 Hipóteses iniciais de traballo.**

Xustificada a importancia de ser consciente da crise na que estamos inmersas e partindo da ética ecolóxica e das bases do movemento ecofeminista, motor social que axudará a crear un cambio de paradigma en comunidade, expoño as hipóteses iniciais que me xurdiron no meu TFM:

- Que se entende por Educación na Natureza?
- Existen iniciativas educativas baseadas nos fundamentos da Educación na Natureza na provincia de Lugo?
- As AMPAS da provincia de Lugo coñecen o que é a Educación na Natureza e o que son os Grupos de Xogo na Natureza?
- É viable a creación dun Grupo de Xogo na Natureza?

## **3. Obxectivos.**

Os obxectivos que quixen cumprir coa realización do meu TFM foron os seguintes

- Delimitar o concepto de Educación na Natureza, entendendo as bases e os fundamentos que a rexen.
- Coñecer as iniciativas e entidades que están a desenvolver proxectos de Educación na Natureza na provincia de Lugo.
- Analizar a percepción das familias que pertencen ás AMPAS da provincia de Lugo sobre a Educación na Natureza e os Grupos de Xogo na Natureza.

- Repensar a relación das persoas coa Natureza, trasladando esta reflexión tamén á infancia.

#### **4. Metodoloxía.**

##### **4.1 Marco teórico.**

Para a análise documental do marco teórico sobre a Educación na Natureza, empreguei a busca bibliográfica de libros da Biblioteca da Facultade de Formación do Profesorado da USC no Campus de Lugo; libros prestados polas acompañantes da Asociación Educativa Nenea, Medrar creando e libros propios ou mercados expresamente para a súa consulta. Tamén consultei artigos, entrevistas, libros, páxinas web, blogs e informes (recollidos, segundo as normas APA 7ª edición, no punto correspondente ás referencias bibliográficas) aos que se accedeu de xeito virtual a través do buscador de Google e de Google Académico.

##### **4.2 Marco empírico.**

###### **4.2.1 Entrevistas.**

Unha entrevista é unha técnica de recollida de información a través do diálogo mantido nun encontro formal e pautado, no caso que se está a estudar, entre unha persoa entrevistadora e unha persoa entrevistada, na que se transforma e sistematiza a información coñecida por estas (Fowler e Mangione, 1990). Para este TFM realizáronse entrevistas mixtas, coa pretensión de recoller información sobre as entidades e persoas que realizan actividades relacionadas coa Educación na Natureza na provincia de Lugo. En base a un guiión preestablecido, moi flexible e cambiante, fun recollendo as testemuñas nunha conversa fluída e informal. As persoas escollidas foron Silvia López Cabanas, socia fundadora de EmocionArte, asociación educativa na natureza con sede na Ulloa, cuxa entrevista se recolle no ANEXO I; e Minerva Varela Saa, creadora do proxecto Aventúrate na Natureza, con sede en Guitiriz, cuxas verbas se presentan no ANEXO II. A entrevista con Silvia López Cabanas realizouse a distancia, a través de gravacións enviadas por Whatsapp. Pola outra banda, con Minerva Varela Saa foi posible manter unha conversa cara a cara e desfrutar dunha das actividades do seu proxecto pola contorna de Guitiriz, con nenos e nenas de 6 a 12 anos de idade.

###### **4.2.2 Observación non participante.**

A observación non participante para a recollida de datos sobre a Educación na Natureza, realiceina durante o Prácticum do Máster DAEN en San Xoán do Alto, parroquia de

Lugo onde levan a cabo a súa labor as acompañantes de Nenea, medrar creando, que é a asociación educativa con máis peso, neste ámbito, na provincia de Lugo. Este período de observación durou 100 horas, durante as cales puiden observar, pero tamén conversar, con todas as acompañantes que traballan nesta asociación educativa. Debido á cantidade de información, non se presenta en formato entrevista, porque sería demasiado extensa. Aproveitando todo o observado, faise un pequeno análise dos aspectos fundamentais das tres entidades en relación ao concepto de Educación na Natureza.

#### **4.2.3 Enquisa para as AMPAS.**

Para coñecer a percepción das familias pertencentes ás AMPAS da provincia de Lugo empreguei a técnica da enquisa por cuestionario. Este cuestionario sería online e creouse a través da aplicación web de Google Forms, que permite enviar de xeito sinxelo un enlace directo ao formulario a través do correo electrónico e outras aplicacións como Telegram e Whatsapp. Ademais, permite analizar os resultados obtidos a medida que as persoas participantes van respostando.

### **5. Fundamentación teórica.**

#### **5.1 Que se entende por Educación na Natureza?**

A Educación na Natureza, entendida según Hueso (2021) como “el aprendizaje basado en el contacto regular, permanente y directo con la naturaleza silvestre, que aprovecha los elementos y los espacios que esta ofrece desde una perspectiva respetuosa con ella.” (p.71) é unha corrente educativa que está provocando moito interese e curiosidade na actualidade, pero ten unha longa traxectoria que se debe analizar para entendela completamente.

Xa o expresa Hueso (2021), “[...], el principio básico de este enfoque educativo es el aprendizaje basado en la experiencia directa - preferiblemente al aire libre – y eso es algo que ya se practicaba en la Antigüedad.” (p.70) Que llo pregunten a Epicuro senón, que xa postulaba esta experiencia directa, tal e como se recolle en Sellars (2021), “[...], tenemos que ver cómo son las cosas en la realidad, en lugar de caer en meras conjeturas o prejuicios.” (p.67)

Esa “[...] necesidad de contacto empírico con la realidad” que recolle Hueso (2017; p.158) foi compartida por pedagogos e intelectuais de todos os tempos como Aristóteles, citado por Hueso (2017): “Defendía, asimismo, que el aprendizaje – de la

naturaleza y de todas las cosas en general- se afianzaba mejor mediante la experiencia directa por lo que podría considerarse también precursor de la pedagogía de la naturaleza.” (p.39).

Como Rousseau que, segundo explica Hueso (2017) estableceu:

“las bases para la consideración de la naturaleza como recurso pedagógico, para el estudio científico, la educación física y de la salud. En este último aspecto, fue precursor del movimiento higienista, que propondría la permanencia en la naturaleza como herramienta de promoción de la salud a mediados del siglo XIX.” (p.158)

Co paso dos anos foron xurdindo iniciativas hixienistas por toda Europa, motivadas pola necesidade de mellorar a limpeza e as condicións de salubridade dos espazos, non só aqueles dedicados á educación. Conta Hueso (2017) que as súas bases tiñan como obxectivo “[...] mejorar la salud de los niños mediante la permanencia al aire libre.” (p.160). Exemplos diso foron, segundo Otero (2018): os xardíns de infancia de Fröbel; a Waldschule en Charlottenbourg, preto de Berlín; a primeira gardería ao aire libre en Londres das irmás McMillan; as Escolas Novas de Ferrière en Suíza; as École de plein air francesas; as Open air schools inglesas ou as Fresh air schools americanas... Mención especial para as escolas do bosque dirixidas por Rosa Sensat: a Escola del Bosc e a Escola del Mar, en Barcelona, e a Escuela del Bosque de Madrid, dirixida por Flora Mateo de la Torre. Hueso (2017) tamén fala das Escolas Ave María de Andrés Manjón e de que todas estas iniciativas “[...] tenían en común la importancia que se daba a la permanencia al aire libre como parte esencial del proceso educativo.” (p.159). En Martínez (1993) cítanse tamén as seguintes escolas: Escuelas de Sal y Sol en Huelva, el Grupo Cervantes en Madrid e o proxecto de Escuelas de Luz y Aire en Sevilla.

Institucións de educación non formal, como o movemento escultista impulsado en 1907 por R. Baden-Powel, promoveron que a natureza fose considerada como o escenario para, segundo Martínez (1993), realizar:

“una escuela de ciudadanía por medio de los bosques, en la que se prestaba tanta atención al vigor físico, sustentador de una sólida educación de carácter, como el amor a la Naturaleza, fuente de inspiración moral, al tiempo que se ofrecía a niños y adolescentes una oportunidad, llena de atractivo, de emplear con sentido su tiempo libre.” (p.125)

Estes movementos xuvenís como o de Wanderwögel no Monte Meissner, o de Woodcraft no Reino Unido ou Argaladei en Suecia foron exemplos de movementos rexeneracionistas que, segundo Martínez (1993), deron moita importancia aos procesos educativos como impulsores dunha rexeneración das razas, de aí a crítica que se lles fai de ser nacionalistas e, mesmo, militaristas. En España, o movemento rexeneracionista xorde “[...] como una toma de conciencia de las clases medias, para las que, al hacerse evidente el atraso de España, se impone una necesidad de cambio.” (Lissorgues, 2008). O sentimento de impotencia e as ganas de actuar ante aquela crise ideolóxica de finais do s. XIX e principios do XX debeu causar gran impacto en Francisco Giner de los Ríos. Otero (2001) recolle un manuscrito inédito del, no que o educador reflexiona sobre a situación que se estaba a vivir no país:

“Falta de iniciativa y de independencia de carácter y pensamiento en los niños españoles. No saben ni siquiera escoger por sí, ni decidirse por sí y encuentran siempre más cómodo seguir el camino que otro les indica y los planes que otro piensa por ellos. La subordinación individual, la atrofia de la personalidad hecha en la familia española, en lo pequeño como en lo grande desde los primeros años. El hombre en perpetua tutela.” (p.54)

Esta apatía social debeu ser un dos impulsos que tivo Francisco Giner de los Ríos para crear a Institución Libre de Ensinanza (ILE) en 1876. O pedagogo español debeu atopar moi interesantes os principios de Federico Fröbel recollidos en Otero (1998), polos que postulaba a importancia da vida ao aire libre e a práctica excursionista. Otero (2001) explícao así:

“Giner dálle moita importancia ás excursións escolares e ós xogos ó aire libre; tanto que este procedemento de ensino converteuse cos anos na base primeira dos principios pedagóxicos da ILE. As excursións e paseos escolares implicaban saca-lo neno da aula para que observase as cousas alí onde tiñan o seu lugar natural. A aula non era máis que o gabinete onde o neno organizaba ese coñecemento que adquirira na excursión. A importancia dos xogos ó aire libre é consecuencia desta concepción pedagóxica que primaba a educación do carácter e unha aprendizaxe activa.” (p.42)

Segundo Otero (2001), Giner queixábase da falta de valor que se lle daba ao xogo e postulaba unha ensinanza experiencial antes que académica. Otero (2001) recolle que: “Os nenos daquela pequena escola antes de aprenderen a ler e escribir, tiñan que aprender a ver, a oír, a reflexionar, a construír un mundo de emocións; [...]” (p.16). É

por iso que os paseos e as excursións eran un recurso importantísimo para vivir. Xa o recolle Martínez (1993):

“Todas estas instituciones estaban pensadas para permitir aquel máximo grado posible de vida en la Naturaleza que Domingo Barnés describía de la de Charlottenburgo: “dando a los niños la sensación de vivir, no en un medio ficticio, como lo es siempre el medio escolar, sino en plena vida silvestre.” (p.127)

É preciso volver, neste punto, a resaltar que Rousseau xa se dera conta da importancia vital de aprender de xeito autónomo en conexión coa natureza.

“Observad la naturaleza y seguid la ruta que os marca. Ella ejercita continuamente a los niños [...].He ahí la regla de la naturaleza. ¿Por qué la contrariáis? ¿No veis que, pensando en corregirla, destruís su obra e impedís el efecto de sus cuidados? (Rousseau, 1990, p.61)

E Thoreau (2019) tamén o deixou reflexado na súa obra en múltiples ocasións. A continuación expóñense dous exemplos:

“Los estudiantes no deberían jugar a la vida, o simplemente estudiarla, [...] sino que deberían vivirla intensamente de principio a fin. ¿Cómo podrían aprender mejor a vivir estos jóvenes si no es realizando el experimento de la vida? Creo que esto ejercitaría sus mentes tanto como las matemáticas.” (p.55)

"Fui a los bosques porque quería vivir deliberadamente; enfrentarme solo a los hechos esenciales de la vida y ver si era capaz de aprender lo que ella tenía que enseñar... quería vivir profundamente y extraer de ello todo su jugo, para no darme cuenta en el momento de morir, que no había vivido." (p.138)

Todo o exposto ata agora son experiencias educativas que, realmente, educaban desde ou sobre a natureza. Martínez (1993) explícao así:

“Percibimos que, mientras en aquellos se educaba desde la Naturaleza y sobre la Naturaleza, cuando más en “el amor —un tanto romántico a la Naturaleza”, pero en la mayoría de los casos con la intención de servirse de Ella, valorándola como ocasión para la educación física, higiénica, intelectual, moral, estética, religiosa.., o como medio de adoctrinamiento o preventivo de la ociosidad, [...]” (p.142)

Neste punto habería que comezar a falar da educación medioambiental, que educa para a natureza, tal e como se recolle en Martínez (1993):

“la perspectiva de la Educación medioambiental supone, por el contrario, servir a la Naturaleza en el entendimiento de ser éste, además, un servicio del que los humanos

salimos bien beneficiados al considerarnos integrados en Ella y poder aplicar a su desarrollo un tratamiento cultural acorde con nuestros intereses.” (p.142)

Dende esta perspectiva, a natureza se concibe como unha ferramenta didáctica que nos serve para traballar contidos curriculares ou como un espazo do que obtemos algún beneficio. Pero Hueso (2017) dálle unha volta máis a este concepto, utilizando outra preposición diferente: en. A educación na natureza que propón está moi relacionada co “[...] enfoque de la friluftsliv (literalmente, vida al aire libre), [...]” (p.165). Carrera (2021), expón que a friluftsliv “[...] no pretende convertirmos en expertos en naturaleza, sino reconectar con ella y entendernos a nosotros mismos en armonía con el entorno.” (p.7), é dicir, considerando que nós mesmas tamén somos natureza.

Continuando coa viaxe histórica polas iniciativas que viron na natureza o lugar idóneo para a infancia e a educación, sabendo que non se está a falar de todas as que existiron (non é a intención deste TFM), hai que sinalar que a primeira escola infantil, considerada como escola na natureza moderna, foi fundada en 1952 en Dinamarca por Ella Flatau, tal e como relata Hueso (2017), cando levaba ás súas fillas e a outros nenos a xogar ao bosque. Hoxe en día en Dinamarca hai máis de 300 centros que ofrecen “educación infantil al aire libre” (Hueso, 2012; p.3). Este movemento serviu de inspiración aos Naturbarnehager noruegos, e o movemento Friluftsförbundet sueco deu lugar ás escolas I Ur och Skur. Pouco a pouco, tamén xurdiron os Waldkindergärten e ás Forest Schools, algunhas outdoor nurseries privadas e o Asilo del mare en Italia, por citar algúns exemplos. Expón Hueso (2012) que:

“La existencia de una cantidad significativa de este tipo de escuelas desde hace décadas ha generado un importante corpus de investigación sobre los beneficios del contacto continuado con la naturaleza en la infancia temprana, [...]” (p.3)

Este crecente interese síntese ao ver todas as iniciativas que seguen aparecendo, exponencialmente, nos últimos anos. No caso de España, cada vez son máis as persoas que deciden crear proxectos en base á Educación na Natureza. No blog de Innatura pódese consultar un Directorio-Mapa (Mayorga, 2022) en continuo crecemento, que vai sumando cada vez máis iniciativas deste tipo. Actualmente hai 53 escolas na natureza no Estado español, sendo o caso de Bosquescuela Cerceda, Madrid, o único que está homologado oficialmente en base á lexislación educativa da Comunidade de Madrid. A lexislación vixente fai moi complicada a homologación deste tipo de entidades. De aí que a maioría destas escolas se dediquen á educación infantil, de 3 a 6 anos, etapa na

que non é obrigatoria a escolarización. En Galicia xa existen 5 escolas de educación na natureza: Aloumiños no Bosque en Ourense; Amadahi en Dexo (Oleiros, A Coruña); BeNature School en Pontevedra; Foresta en Vigo e Nenea, medrar creando en Lugo.

En todos os casos anteriores, a educación na natureza que se está a practicar ten relación co que expón Carreras (2021):

“Para evitar la curriculización de la naturaleza, podemos optar por espacios de conexión en los que se practique el acompañamiento o el juego espontáneo. Demasiada supervisión puede ser contraproducente [...]” (p.13)

As bases da Educación na Natureza que se recollen na Guía de Escuelas en la Naturaleza de España, EdNA (2020) así o reflexan:

- Confiar nas capacidades individuais de cada crianza, entendendo que os seres vivos (humanos e non humanos) somos diversos.
- Respetar os ritmos individuais de cada persoa participante.
- Acompañar de xeito respectuoso á infancia.
- Crear un espazo seguro e respectuoso para que as crianzas elaboren o seu xogo libre e espontáneo.
- Permitir a exploración e a conexión das crianzas co mundo vivo do que forman parte.
- Explorar, coñecer e diferenciar os materiais naturais que hai na natureza máis próxima.
- Realizar actividades de integración sensorial.
- Favorecer a autonomía, o autoconecemento e a autorregulación das crianzas a través de propostas educativas nun espazo natural.
- Comezar a crear un vínculo emocional coa natureza a partir da permanencia continuada en espazos silvestres, o menos modificados posible.
- Entender que todos somos natureza e que temos o deber e a responsabilidade de coidala.

Todos estes preceptos tamén están relacionados coas pedagogías activas e o seu coidado cara o respecto aos procesos de desenvolvemento infantil: Pestalozzi, Reggio Emilia, Steiner, Montessori, Pikler... Moitas delas están recollidas e resumidas por García (2017). Xa o di Hueso (2017), “Si buscamos una relación respetuosa con el medio, hemos de tenerla también en el seno de la comunidad educativa.” (p.166) Wild (2019) explica ese respecto cara todo, seres humanos e non humanos, dun xeito moi didáctico:

“[...], el trato personal con cosas vivas, plantas, y cuidar las plantas, la observación, la experiencia del nacimiento y el crecimiento, del marchitarse y el morir, transmite al niño el respeto por un mundo que siente y sigue sus propias leyes. Del mismo modo que el niño se siente a sí mismo y se sabe respetado, sabe reconocer y sentir las necesidades de otros seres vivos. En la misma medida que se sabe protegido de manipulaciones y tratos incorrectos aprende a tratar otras formas de vida con gran respeto y, en caso de necesidad, a protegerlas.” (p.225)

A Educación na Natureza propón un enfoque máis holístico, sistémico e proactivo que a educación medioambiental. Está relacionada coa ecoalfabetización da que falan McBride et al. (2013) e que cita Hueso (2017): “[...]: conocimiento de conceptos ecológicos básicos, sensibilidad o apreciación ambiental, conciencia de temas o problemas ambientales y habilidades y competencias para prevenir o resolver estos temas.” (p.158), pero vai máis alá, posto que constrúe un vínculo afectivo coa natureza o que, segundo Chawla (2007), vai unido ao coñecemento. Ese coñecemento crearase a través dos sentidos e diso sabe moito Rachel Carson, cuxa obra *O sentido do abraio* (2018) permite reflexionar sobre o acto continuo de descubrir o encanto dos pequenos detalles. “Os praceres perdurables do contacto co mundo natural non están reservados ás persoas da ciencia, senón que están dispoñibles para todas aquelas que se expoñan á influencia da terra, do mar, do ceo e da súa vida fascinante.” (p.53)

## **5.2 Existen iniciativas educativas baseadas nos fundamentos da Educación na Natureza na provincia de Lugo?**

Entendida a incógnita sobre o que se entende por Educación na Natureza, a seguinte das cuestións que se me presentou durante a realización do meu TFM foi se na provincia de Lugo existían entidades que seguían os seus fundamentos. A miña curiosidade levoume a coñecer ás tres iniciativas que se encadran na definición que se aporta nas páxinas anteriores.

En primeiro lugar, tiven a sorte de realizar as miñas prácticas na Asociación Educativa Nenea, medrar creando. “Nenea, medrar creando” é unha asociación educativa que naceu no ano 2015, con sede na cidade de Lugo, que acompaña ás crianzas no seu desenvolvemento individual e autónomo de xeito respectuoso, creando un espazo seguro no que poidan medrar en contacto directo e harmonioso coa natureza, vinculándose a ela e, ao mesmo tempo, ampliando as súas habilidades sociais e cognitivas a través do xogo libre.

As actividades que realiza están dirixidas a crianzas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, polo que o grupo de persoas participantes é heteroxéneo, característica propia dos proxectos de Educación na Natureza. Polas mañás, o proxecto pedagóxico de Nenea está enfocado no grupo de crianzas de 3 a 7/8 anos caracterizados, según Wild (2011) por estar na etapa preoperativa. Polas tardes, no grupo de xogo, as idades das crianzas que participan na actividade, aumentan, polo que o outro grupo que se debe analizar é o das crianzas de 7/8 a 12 (segundo Rebeca Wild este grupo de idade chegaría ata os 13/14 anos de idade, pero na actividade de Nenea os 12 anos son a idade tope), inmersas na etapa operativa.

As persoas acompañantes teñen en conta as palabras de Wild (2011; p.44) que expón que, para o grupo de idade de 3 a 7/8 anos:

“el propósito de las actividades motrices y sensoriales en esta etapa reside en afinar los movimientos y sentidos del bebé, con la meta de entrar en un contacto cada vez más delicado con las cualidades del mundo y sacar las esencias de sus realidades”.

Deste modo, as propostas que se organizan en Nenea, medrar creando están encamiñadas a favorecer a percepción sensorial con calma, respectando o ritmo individual de cada crianza e cubrindo as súas necesidades persoais; permitindo que a súa curiosidade se desenvolva de forma libre, autónoma e creativa nun ambiente cheo de posibilidades como é a natureza e acompañados por persoas que lles prestan atención sen xulgar ou buscar un resultado. A aprendizaxe experiencial pasa por experimentar, en palabras de Wild (2011; p.48) “toda clase de situaciones de la vida práctica y con aparatos que facilitan movimientos del cuerpo cada vez más complejos y aventurados”. Tamén Rebeca Wild reflexiona sobre a importancia do xogo libre e espontáneo co que as crianzas de 3 a 7/8 anos representan as súas experiencias de vida, sobre o positivo que é contarlles contos nesta etapa e da necesidade de posibilitar vivencias que conecten a vida real coas súas propias emocións.

O acompañamento respectuoso que se realiza en Nenea xorde, acorde ao exposto por Hueso (2014; p.40), “de una visión del niño como una persona de pleno derecho, con unas necesidades físicas y emocionales diferentes de las del adulto, que no por ello le hacen inferior”.

A asociación ofrece varios servizos:

- Escola infantil na natureza para crianzas entre os 3 e os 6 anos, en horario de 09.00 h a 15.00 h.
- Grupo de xogo na natureza para crianzas de 3 a 12 anos, en horario de 16.00 h. a 19.00 h.
- Neneando en familia. Actividades de Educación na natureza para crianzas de 1 a 4 anos e as súas familias. Realízanse unha vez ao mes, un sábado pola mañá, en horario de 11.00 h a 13.00 h., e pola tarde, en horario de 16.00 h a 18.00 h.
- Formacións, charlas, xornadas, obradoiros...deseñados para compartir coas familias da asociación, e con todas as persoas interesadas, a súa visión dos procesos de desenvolvemento da infancia. Estas formacións están pensadas e deseñadas dende o equipo pedagóxico atendendo a suxerencias e ideas familiares, ou a necesidades concretas de desenvolvemento do proxecto.
- Encontros, campamentos de inverno e campamentos de verán.

Outra das entidades que realiza actividades baseadas na Educación na Natureza é EmocionArte, Sentir, Crear. É unha Asociación educativa que ten sede na Comarca da Ulloa. Ofrece varios servizos: campamentos, obradoiros de prevención de acoso escolar, actividades extraescolares, animación á lectura, rutas, xincanas, grupos de xogo na natureza... Todos estes servizos ofértanse en Antas de Ulla e arredores, chegando a Toques, Melide, Lalín, A Golada, Rodeiro, pero non á cidade de Lugo. Para coñecer máis sobre este proxecto decidín realizar unha entrevista con Silvia López Cabanas, unha das súas socias fundadoras. Dita entrevista está recollida no Anexo I.

Por último, Aventúrate na Natureza é a terceira das iniciativas con base na provincia de Lugo e que segue os fundamentos da corrente educativa que se está a estudar neste TFM. Este proxecto, ambiental, cultural e artístico, o dirixe unha antiga alumna do Máster DAEN e lévao a cabo en Guitiriz, con apoio do Concello. O seu proxecto, na actualidade, oferta os seguintes servizos:

- O grupo de xogo na natureza para nenos e nenas de 6 a 12 anos. Estas actividades se realizan os luns pola tarde, en horario de 16.00 h a 18.00 h.

- Campamentos de verán organizados polo Concello de Guitiriz.

Para coñecer máis sobre este proxecto, reuníme con Minerva Varela Saa para realizar unha entrevista que se pode ler no Anexo II.

Analizando toda a información que recollín a través da observación realizada no meu Prácticum e coas entrevistas, doume conta de que os tres proxectos perciben a Educación na Natureza dende a percepción da cultura prefigurativa da que fala Mead (1970) e, a través da cal, as persoas adultas tamén aprenden da infancia. As mulleres que traballan nestas entidades vense a elas mesmas como acompañantes capaces de aprender das crianzas e coas crianzas, tal e como expón Schafer ((2015): “Creo que cada docente está primariamente educándose a sí mesmo, y que si esta actividad es interesante resultará contagiosa para aquellos que lo rodean. Creo que cualquier proyecto educativo que no hace crecer al maestro es falso.” (p.13) Polo tanto, nos tres proxectos de Educación na Natureza da provincia de Lugo se cumpre o principio básico que Schafer (2015) postula: “Ya no hay maestros. Sólo una comunidad de aprendices.” (p.14) Bibi, Carmen, Sofía, Silvia e Minerva aprenden tanto, ou máis, que as crianzas ás que acompañan nas súas vivencias e experiencias significativas na natureza. Respectan os ritmos individuais de cada crianza e, sobre todo, teñen a percepción, ao igual que Wild (2019), de que o aspecto fundamental da educación é descubrir:

“cómo los niños y las personas jóvenes pueden crecer en un mundo rápidamente cambiante de tal modo que su ser y, con él, su capacidad de adaptarse de una forma positiva a las nuevas circunstancias, no se vean debilitados por el proceso educativo, sino más bien reforzados.” (p.40)

Estas adultas, non interrompen a concentración das crianzas que acompañan, senón que como di Wild (2019) “[...] se hacen pequeños y conscientemente dejan al niño que tome la iniciativa para elegir y dar forma a su actividad.” (p.52). Dan moita importancia á experiencia das crianzas e permiten que a vivan con todos os seus sentidos e con todo o seu corpo o contacto coa natureza da que forman parte. Cada unha destas adultas fai o que se explica en EdNA (2020): “No juzga ni valora lo que ve, no adelanta acontecimientos; sino que observa y si, solo si, es necesario, actúa. Se trata, pues, de intervenir sin interferir.” (p.72). É o mesmo que propón Schafer (2015), “[...] en una clase programada para la creación, el maestro debe planificar su propia extinción.” (p.24)

Ante os retos e as dificultades que se van atopando as crianzas nas propostas que as tres entidades fan, ningunha das mulleres das que estamos a falar dan solucións inmediatas. Todas elas crean un espazo no que o silencio é a resposta. Pero este silencio non é indiferenza, senón que é unha mostra do maior respecto cara a capacidade da infancia por buscar solucións en base ás súas vivencias; do maior respecto cara a súa capacidade creadora; do maior respecto cara o tempo que cada crianza poida necesitar para chegar ás súas propias conclusións. Schafer (2015) exprésao así: “[...] el maestro debe ser muy cauteloso en cuanto a cómo y cuándo interferir. Lo más difícil que tendrá que aprender el maestro es a permanecer callado y dejar que la clase se esfuerce [...]” (p.35) Un aspecto fundamental destes proxectos é que as adultas acompañantes están a disposición das crianzas por se necesitan axuda, pero non rouban os logros e as aprendizaxes que os nenos e as nenas poden acadar por si mesmos.

Ademais do acompañamento respectuoso, estas iniciativas tamén se caracterizan por promover un espazo seguro no que as crianzas poden realizar o seu xogo libre entendido como a forma de expresión das crianzas a través da que afirman a súa existencia no mundo. Segundo Aucouturier (2018), “el juego espontáneo es el lenguaje del niño para hablar de sí mismo a través de su expresividad motriz.” (p.60) De aí que Stern (2017) expoña que “[...], es el juego lo que deberíamos tomarnos en serio, porque no existe ningún dispositivo de aprendizaje mejor.” (p.13) e continúa dicindo que:

“[...] el juego para el niño: la manera más directa de conectarse con la vida cotidiana, consigo mismo y con el mundo. Para el niño, el juego libre es una necesidad. Una predisposición, una inclinación y a menudo un imperativo. Una realización profunda. El niño no juega para divertirse, o alegrarse u obtener placer. Eso es lo que los adultos esperan de sus juegos. Pero para el niño, jugar implica mucho esfuerzo, mucha atención, mucha superación.” (pp.25-26)

Para que realmente se poida realizar un xogo libre verdadeiro, as persoas que o van crear terán que poñerse de acordo, estar cómodas e nun ambiente agradable, que lles dea seguridade e lles proporcione unha gran variedade de estímulos, respectando as diferentes personalidades e ritmos de cada unha. E cal é ese espazo? Hueso (2019) o expresa perfectamente:

La naturaleza tiene mucho más que ofrecer que los espacios preparados: nos proporciona lugares complejos, desordenados y dinámicos que nos dan oportunidades de juego tan variadas como dé la imaginación. Al contrario que los ambientes

artificiales, la naturaleza se mantiene en un sutil y atractivo equilibrio entre ser coherente pero diversa, legible pero misteriosa. (p.171).

As 3 iniciativas buscan espazos naturais para realizar as súas propostas e, tal e como di Tonucci, conxugan o verbo xogar co de deixar. Estas mulleres educan na natureza deixando que as crianzas sexan, investiguen, experimenten, tomen decisións, cometan erros e busquen solucións, aprendan e, por suposto, xoguen libremente, cumprindo así outro dos principios postulados por Schafer (2015): “[...], una clase debería ser una hora de mil descubrimientos.” (p.14).

Polo tanto, a labor das acompañantes é crear ambientes de xogo, investigación, exploración e experimentación autónoma, é dicir, nos que a motivación das crianzas sexa intrínseca e lles permita tomar as súas propias decisións; dando tempo para integrar todas esas vivencias e pasando como di Novo (2010) dunha cultura do facer a unha cultura do estar para recuperar a conexión coa natureza.

### **5.3 Análise da percepción das familias que pertencen ás AMPAS da provincia de Lugo sobre a Educación na Natureza e os Grupos de Xogo na Natureza.**

Sabendo o que se entende por Educación na Natureza e coñecendo ás iniciativas que a están a levar a cabo na provincia de Lugo, o seguinte paso era descubrir cal era a opinión das familias acerca das mesmas; descubrir se realmente os pais e as nais da infancia da provincia de Lugo era coñecedores, ou non, das escolas e dos grupos de xogo na natureza. Ante a magnitude da tarefa, a decisión tomada foi utilizar a técnica da enquisa por cuestionario. A enquisa é unha das técnicas de investigación máis empregadas en investigación social, investigación de mercados e os estudos de opinión. Existen moitas definicións do concepto de enquisa pero, tal e como o recollen Simó e Suárez (2020), unha enquisa é “una búsqueda sistemática de información en la que el investigador o técnico preguntan a las personas encuestadas sobre los datos que desean obtener y, posteriormente, reúnen estos datos individuales para obtener durante la evaluación datos agregados.”

A enquisa vai recoller a percepción, por escrito, das familias pertencentes ás AMPAS da provincia de Lugo mediante un cuestionario online. Esta observación ía ser indirecta, é dicir, ía ser unha observación en base a, como ben explican Simó e Suárez (2020):

“[...] (aquello que los encuestados dicen o manifiestan). Por esta razón, cabe la posibilidad de que la información recabada no sea un fiel reflejo de la realidad que se

analice. De ahí la exigencia de comprobar la veracidad de los datos, antes de su interpretación. Los encuestados aportan su propia interpretación de la realidad, hecho que no garantiza que esta información sea 100 % objetiva.”

Esta enquisa web creouse a través da aplicación de Google Forms, xa que permite compartilo a través dun enlace directo, e pódese consultar os resultados obtidos en tempo real, a medida que o cuestionario está sendo respondido polas persoas seleccionadas. Antes de considerar apta a enquisa por cuestionario, tiven unha reunión virtual co meu titor do TFM para discutir sobre as preguntas e os datos que quería recoller a través da mesma. Neste caso, optamos por crear 4 seccións: a primeira sería a introdución que, tal como afirma Gideon (2012b), citado por Simó e Suárez (2000):

“[...] es sumamente importante porque ayuda a generar interés en el objeto de estudio y promociona la confianza en el investigador y la institución. La introducción o presentación deben incluir detalles del estudio que faciliten su cumplimiento, como también las normas éticas de confidencialidad estadística.”

Ademais, recollería aquelas preguntas sociodemográficas relacionadas con datos de idade, sexo, lugar de nacemento, lugar de residencia, estudos, profesión, ingresos económicos da familia anualmente, número de fillos/as, idade de cada fillo, AMPA á que pertence e colexio dos fillos. A 2ª sección trataba sobre a Educación na Natureza e recollía preguntas máis abertas (mesmo de resposta múltiple) relacionadas coa percepción das familias sobre a importancia do contacto da infancia coa natureza; sobre cales son os beneficios que este contacto lles aporta ás crianzas; sobre cantas horas pasan os fillos en espazos naturais silvestres; sobre que actividades lles gustan máis aos fillos cando están na natureza; sobre cales son as dificultades para que os fillos estean na natureza silvestre; sobre as horas que lle dedican ás actividades extraescolares e se coñecen algunha actividade de Educación na Natureza. A 3ª sección, correspondía aos Grupos de Xogo na Natureza e serviu para valorar o coñecemento, ou non, deste servizo; tamén se existía, ou non, interese por coñecerlos. As familias tamén deberían poñer os motivos, de telos, para participar ou non neste tipo de proposta. Nesta sección tamén se recolleu información sobre os horarios que necesitarían as familias para a conciliación familiar e canto estarían dispostas a pagar por esta actividade. Tamén se facía referencia ás AMPAS e ao seu interese pola realización de actividades de Educación na Natureza que axudarán á difusión do concepto. A derradeira sección estaba dedicada a coñecer o interese real sobre o Grupo de Xogo na Natureza

Andacamiños e valorar a viabilidade de crealo, ou non. Tras varios debates entre o titor e máis eu, decidimos esta organización do cuestionario e fixen un ensaio, é dicir, un cuestionario provisional para testalo entre varias persoas coñecidas, antes de envialo oficialmente. Esta proba serve para testar dous tipos de aspectos, segundo Simó e Suárez (2020):

“uno primero que correspondería a los aspectos formales: facilidad en su lectura, sencillez en responder, filtros de preguntas correctos, codificación coherente tanto dentro de las preguntas como en la globalidad del cuestionario, errores gramaticales y/o tipográficos, cuestionario ordenado, numeración errónea, repetición innecesaria, etc. Y un segundo tipo de elementos son las reacciones del colectivo entrevistado: comprobar si existen preguntas más difíciles o aquellas que requieran más tiempo para responder.”

Esta experiencia previa puxo de manifesto que o cuestionario era un pouco longo, pero accesible. Ademais tamén serviu para realizar algúns axustes de xeito que se facilitou, o máis posible, a súa comprensión. Nesta proba non xurdiu ningún malestar derivado das preguntas relacionadas co nivel de ingresos, pero posteriormente si que se percibiu, por parte dalgunhas persoas, incomodidade neste aspecto.

Unha vez probada a enquisa piloto, o plan foi enviar un enlace directo a través do correo para que a Federación de AMPAS de Centros de Ensino Público da provincia de Lugo (FAPACEL) o difundise entre os seus federados. A través dunha persoa que coñecía e que traballa con eles, púxenme en contacto coa Federación para que colaborasen na difusión do cuestionario, podendo chegar así a un maior número de familias. A solicitude fíxose a través do correo electrónico e pódese consultar no ANEXO III. Foi enviada o xoves, 28 de abril do 2022. Non obtiven unha resposta directa, aínda que a persoa de contacto coa que falei aseguroume que o correo fora recibido sen problema. A pesar disto, os días pasaban e só obtiven 5 respostas ao cuestionario, polo que estaba bastante preocupada por se non conseguía a participación que necesitaba. O 4 de maio de 2022 decidín poñerme en contacto tamén coa Federación de Lugo da Confederación Católica Nacional de Pais de Familia e Pais de Alumnos (CONCAPA). Nesta solicitude, similar á exposta no ANEXO III, propúxenlles a participación no estudo. A través dunha chamada telefónica coa súa presidenta, souben que si estaban interesadas e que ían reenviar aos seus asociados o cuestionario. Mentres tanto as respostas non aumentaban e, de novo, o 18 de maio de 2022 púxenme de novo en contacto coa FAPACEL e coa CONCAPA a través do correo electrónico para confirmar que

recibiran o cuestionario e que continuaban interesados en colaborar no estudo, pero non me contestaron. Non recibía respostas pero agardei un pouco máis.

Un pouco desanimada pola falta de participación, o 31 de maio de 2022, tomei a decisión de enviar o cuestionario a todas as miñas amizades que cumprían os requisitos, ser pais ou nais de crianzas escolarizadas na provincia de Lugo. O cuestionario foi enviado a través de Whatsapp, Telegram, Facebook e Instagram e as respostas non se fixeron esperar. A día de hoxe, as respostas que conseguín foron 112. As gráficas máis salientables están recollidas no ANEXO IV pero, a continuación, procedo a realizar unha análise dos resultados obtidos en base ás preguntas do cuestionario.

A maioría das respostas recibidas foron de mulleres, tal e como se pode observar na Figura 2, de entre 27 e 58 anos de idade (Figura 1), só un 9,8% foron homes, da provincia de Lugo (Lugo cidade e Sarria foron as localidades cun maior nº de participación). Que a participación fora maioritariamente feminina pon de manifesto que as mulleres seguen sendo as responsables da educación das crianzas ou, polo menos, as que se toman o tempo de realizar algún tipo de reflexión sobre a mesma. As participantes contan, polo xeral, con estudos universitarios ou superiores (Figura 3) e cuns ingresos económicos familiares entre 20.000€ – 30.000€ (Figura 4). O núcleo familiar está formado por 1-2 fillos (Figura 5), con idades comprendidas entre os 0-12 anos e escolarizados nun colexio público (Figura 7). A pesar de ser conscientes da importancia do contacto coa natureza na infancia (Figura 8), durante o curso escolar, de luns a venres, pasan menos de 3 horas na natureza, maioritariamente (Figura 10). O tempo pode aumentar canto máis pequenos son, pero a medida que van cumprindo anos, especialmente os que xa están na etapa de Educación Primaria, pasan menos tempo na natureza, porque dedican máis horas a actividades extraescolares dirixidas. Moi ao meu pesar, o 58,4% destas respostas foron de nais que non pertencían a ningunha AMPA (Figura 6), pero recibiron este cuestionario e quixeron participar. Este aspecto faime reflexionar moito, posto que non fun capaz de descubrir cal é a mellor maneira de chegar a contactar con estas familias.

O 90,2% destas nais recoñecen a importancia de medrar en contacto coa natureza (Figura 8) e son conscientes dos beneficios que produce a permanencia ao aire libre (Figura 9), nun entorno o menos modificado posible. A maioría non cre que teña dificultades para levar ás súas crianzas á natureza (Figura 11). As que si admiten ter dificultades, están relacionadas coa falta de tempo debido ao traballo, aos horarios

escolares e extraescolares... En canto á percepción que teñen sobre a Educación na Natureza e ás iniciativas que a practican, soen ter dificultades (aínda que non son conscientes do seu erro) en entender o concepto, pero séntense atraídas por el. Mesturan entidades de educación medioambiental, de coidado animal, de educación alternativa e de ocio e tempo libre. O 71,4% non coñece os Grupos de Xogo na Natureza (Figura 12) pero amosan moito interese por saber máis (Figura 13). Moitas son as familias que estarían interesadas en facer uso deste servizo (Figura 16), sempre e cando poidan organizar os horarios en base ás súas necesidades de conciliación familias, as cales son moi dispares, tanto en horario de mañá como de tarde, incluíndo os fines de semana. Tamén sería de axuda se este servizo se ofertase preto do seu lugar de residencia, para non ter que empregar ningún tipo de transporte. A maioría das familias estarían dispostas a pagar un prezo que oscila entre os 10-15€ por hora, de media. Algúns ítems recollían información sobre o interese potencial das AMPAS para realizar algunha actividade de difusión (Figuras 18 e 19). E algunhas familias estaban interesadas en recibir máis información sobre o Grupo de Xogo Andacamiño.

En base a todas as respostas recollidas na enquisa por cuestionario tamén se extrae a conclusión de que a Educación na Natureza aínda é un concepto pouco coñecido para as familias e precisa de moita máis difusión para aclarar as súas bases, fundamentos e metodoloxía.

#### **5.4 É viable a creación dun Grupo de Xogo na Natureza?**

Esta cuestión parecía sinxela de contestar trala realización do cuestionario, pero non foi así. Moitas son as variables que inflúen. Aparentemente o interese social existe, a pesar de ser un concepto pouco coñecido e difundido na provincia de Lugo. A necesidade das familias para poder conciliar precisa de iniciativas que aporten un valor engadido e os grupos de xogo na natureza poderían ser a solución. Aínda así, é preciso seguir estudando os datos, posto que o grupo de xogo pode chegar a ser real e viable economicamente, pero será necesario levar a cabo unha gran labor de divulgación e concienciación para atopar persoas que queiran pagar por este servizo.

Ademais, cos resultados obtidos a partir do cuestionario, quedou claro que o concepto de Educación na Natureza aínda non se comprende moi ben, polo que a labor de divulgación terá que ir encamiñada cara a concienciación da súa importancia e cara a

reflexión sobre por que é tan necesario que a infancia recupere o vínculo afectivo coa súa esencia, xa que somos natureza.

## 6. Conclusións.

“El cambio ecológico conlleva no vernos a nosotros mismos fuera de la red ecológica de la vida, como amos, conquistadores y propietarios de los recursos de la Tierra. Significa considerarnos miembros de la familia Tierra, con responsabilidad para ocuparnos de las otras especies y la vida en el planeta en toda su diversidad, desde los microbios más diminutos hasta los mamíferos de gran tamaño.” (Mies e Shiva, 2014; p.27).

No momento social e histórico no que nos atopamos é preciso, como ben di Puleo (2021) buscar a unión e construír “[...] una cultura ecológica de la igualdad que inaugure una relación no destructiva con la Naturaleza externa e interna.” (p.151)

Debemos, polo tanto, ser conscientes de que, tal e como se recolle no libro de Fernández e Veiras (2019):

“Somos ecodpendentes porque vivimos nun planeta finito que ten uns límites físicos ben coñecidos e, daquela, non ten sentido apostar por un crecemento ilimitado [...]

[...] somos interdependentes porque, pola nosa propia fragilidade física, hai momentos na vida de todos e todas nós, nos que dependemos dos coidados e a atención doutras persoas [...]. (p.7)

Hueso (2017) afirma que somos natureza a pesar de que poidamos ter un sentimento alleo a ela. En calidade de adultas esquecemos desfrutar da auga cando chove, e só somos capaces de pensar que nos molesta, porque hai que cargar co paraugas. Pretendemos que faga sol continuamente, pero despois non queremos que a temperatura suba máis de 39 graos, porque entón non hai quen durma. Gústannos os baños no río, pero a incomodidade que nos producen as picaduras de mosquitos serán o tema de conversa a maior parte do tempo. Se por un momento puideramos deixar de lado esa mentalidade de adultas e volveramos a ser nenas, de seguida recuperaríamos o sentimento innato de biofilia do que fala Wilson (2021) e conectaríamos coa nosa natureza interior, deixando de “[...], seguir de forma mecánica el camino a ninguna parte [...].” (Gray, 2016; p.37) que a sociedade marca e percibindo a través de todos os nosos sentidos os detalles pequenos que nos rodean. Comezaríamos entón a fixarnos nos zapateiros do río, que de xeito increíble camiñan sobre as augas. Descubriríamos o xogo de sombras que o sol produce e lembraríamos o que di Abdelmajid Benjelloun nun dos

seus poemas: “Hay indudablemente más infinito en la sombra que en el espacio celeste.” Percibiríamos o recendo que se produce ao chover despois de moito tempo, sen necesidade de saber que a ese aroma lle chaman petricor, pero coa sensación de estar ulindo algo maravilloso. Todos estes exemplos lévanme a destacar a importancia de ESTAR e SER; de sentirnos unha unidade co entorno e coa natureza. Din Collado e Corraliza (2016) que a conclusión máis relevante do seu estudo foi que “el contacto directo con la Naturaleza no solo promueve óptimos niveles de bienestar (estar mejor), sino también niveles de desempeño personal más adecuados (ser mejor).” (p.21)

A Educación na Natureza é, entón, unha gran ferramenta para potenciar o mantemento deste vínculo innato propio da infancia, a través do coidado e o respecto mutuos. Este enfoque educativo favorecerá a creación dunha actitude biocéntrica, caracterizada por un sentimento de pertenza que nos provoca a necesidade de coidarnos mutuamente, sabéndonos parte dela. A permanencia na natureza será imprescindible para ilo, tal e como recollen Collado e Corraliza (2016):

“Uno de los factores que parece influir más en el comportamiento proambiental de las personas es la frecuencia de contacto con la Naturaleza durante la infancia (Bixler et al. (2002); Chawla, (1999); Chawla e Cushing, (2007); Cheng e Monroe, (2012); Hinds e Sparks, (2009); James, Bixler e Vadala, (2010); Thomposon, Aspinall e Montarzino, (2008); Wells e Lekies, (2006)”. (p.79)

Imprescindible será que esta educación non parta exclusivamente das persoas acompañantes con formación especializada, senón que será un cambio de mirada tamén por parte das familias, que concibirán aos seus fillos como persoas capaces, competentes e dignas de respecto, posuidores dun deseño xenético e biolóxico que os predispón para facerse cargo da súa propia educación (Gray, 2016). Este estudoso do xogo libre tamén recolle nas páxinas do seu libro a seguinte afirmación:

“Los niños están diseñados por naturaleza para jugar y explorar por sí solos, sin depender de los adultos. Necesitan libertad para desarrollarse; sin ella sufren. El impulso de jugar en libertad es un impulso fundamental, biológico. La falta de juego libre puede que no mate al cuerpo físico, como haría la falta de alimento, aire o agua, pero mata el espíritu y atrofia el desarrollo mental.” (p.19)

A infancia, e tamén as persoas adultas, precisamos de espazos naturais nos que poder desenvolver as nosas capacidades e habilidades persoais en liberdade, a través de experiencias significativas e acompañadas dende o respecto e o coidado. Isto é

fundamental se queremos evitar que as xeracións futuras se sintan incapaces de tomar as súas propias decisións e controlar a súa vida. Algo hai que facer para que deixen de diagnosticarse, cada vez a idades máis temperás, trastornos psicolóxicos e enfermidades como a obesidade infantil. Lembremos cales son as necesidades básicas fundamentais que todas as persoas deben ter cubertas para un óptimo desenvolvemento, recollidas en Wild (2006):

“En primer lugar, e imprescindible para sobrevivir, se sitúa la necesidad de amor y de atención; a continuación las necesidades de alimentación, calor y limpieza; y por otro lado, la necesidad de una interacción con el medio ambiente dirigida desde el interior, sin la cual el potencial humano no podría desarrollarse en su plenitud.” (p.60)

Esa interacción dirixida dende o interior á que se refire Rebeca Wild é fundamental para o benestar da infancia, da mocidade e de calquera persoa a calquera idade. Gray (2016) refléxao así:

“Una cosa que sabemos con certeza acerca de la ansiedad y la depresión es que están muy ligadas al sentimiento de control o de falta de control sobre la vida de uno mismo. Las personas que creen estar al mando de su propio destino tienen muchas menos probabilidades de sufrir ansiedad o depresión que aquellas que se sienten víctimas de circunstancias ajenas a su control.” (p.33)

O obxectivo da Educación na Natureza será entón acompañar o desenvolvemento interno de cada unha das persoas en conexión coa súa esencia, creando seres autónomos, é dicir, seres que poidan decidir sobre a súa propia vida; que poidan identificar as súas necesidades reais (non as superfluas) e as dos seres (humanos ou non) que teñen ao seu redor; e que sexan responsables das consecuencias dos seus actos.

Así, Wild (2019) aporta, ao meu modo de ver, unha gran reflexión sobre todo isto:

“Si queremos que los escolares aprendan a explorar el mundo de una forma correcta no tenemos más remedio que dejarles que experimenten, en su propia piel, el mundo real y noten ellos mismos las diferencias cualitativas entre las cosas manipulables, más o menos inanimadas, y la naturaleza viva con sus innumerables manifestaciones. En último término, ni los sermones moralizantes sobre la protección del medio ambiente, ni las diapositivas o los mejores libros ilustrados consiguen transmitir al niño la sensibilidad para aquello que está vivo. Creemos que los niños que han experimentado que sus necesidades auténticas eran respetadas sabrán proteger también todo lo que en este mundo tiene vida. Explorar el mundo: ¿al fin y al cabo no significa esto respetar y

amar la vida? Solamente cuando los niños no han perdido el sentido de su propia vida pueden aprender a medir el valor de la vida de otros seres y a asumir la responsabilidad relacionada con su medio ambiente.” (p.226)

Estas son as conclusións éticas e filosóficas ás que cheguei mentres elaboraba o meu TFM. Son cuestións complexas, que precisan dunha reflexión conxunta entre todas aquelas persoas que queren pensar nun futuro digno de ser vivido. Son consciente de que a Educación na Natureza aínda é unha corrente educativa incomprendida, por mor de prexuízos que cren que só consiste en estar fóra. Sinto a necesidade de seguir explorando máis este enfoque para poder difundilo dun xeito rigoroso, de aí que ao longo deste curso 2021-2022 fose profundando nesta temática e creando redes con persoas que teñen intereses afíns. Centrar a miña investigación en Lugo tamén foi un acerto, posto que Lugo, e a súa provincia, estanse a converter nun verxel de proxectos respectuosos e innovadores para/con/pola/na Natureza. Queda moito por facer, pero sírvome das verbas de Mies e Shiva (2014) para rematar:

“De todos modos, sí tengo clara una cosa: este mundo nuevo no llegará con un Big Bang o una Gran Revolución, sino cuando nos pongamos a sembrar semillas nuevas de este mundo nuevo mientras aún estemos viviendo en el viejo. Para que estas semillas crezcan y den fruto hará falta tiempo; no obstante, muchas personas ya han empezado a plantarlas.” (p.39)

## **7. Referencias bibliográficas**

Aucouturier, B. (2018). *Actuar, jugar, pensar. Puntos de apoyo para la práctica psicomotriz educativa y terapéutica*. Graó. Barcelona.

Bixler, R.; Floyd, M. e Hammit, W. (2022). Environmental socialization: Quantitative tests of the childhood play hypothesis. *Environment and Behavior*, 34, 795-818.

Carrera, S. (2021). *La necesidad de reconexión con la naturaleza durante la infancia*. [Trabajo Fin de Grado]. Universitat Autònoma de Barcelona. Facultat de Filosofia i Lletres. [https://ddd.uab.cat/pub/tfg/2021/259531/CarreraArroyoSara\\_TFG2021.pdf](https://ddd.uab.cat/pub/tfg/2021/259531/CarreraArroyoSara_TFG2021.pdf)

Carson, R. (2018). *O sentido do abraio. A celebración da natureza para persoas de todas as idades*. Catro Ventos Editora. Vigo.

Chawla, L. (1999). Life paths into effective environmental action. *Journal of Environmental Education*, 31, 15-26.

- Chawla, L. (2007). Childhood experiences associated with care for the natural world: A theoretical framework for empirical results. *Children Youth and Environments*, 17 (4), pp.144-170.
- Chawla, L. e Cushing, D.F. (2007). Education for strategic environmental behaviour. *Environmental Education Research*, 13, 437-452.
- Chazarra, A. (2015, Mayo). Epicuro en su jardín. *Revista Panacea*. <http://www.revistapanacea.com/epicuro-en-su-jardin/>
- Cheng, J.C. e Monroe, M.C. (2012). Connection to nature: Children's affective attitude toward nature. *Environment and Behavior*, 44, 31-49.
- Clément, G. (2021). *Manifiesto del tercer paisaje*. Editorial Gustavo Gili, SL. Barcelona.
- Collado, S. e Corraliza, J.A. (2016). *Conciencia ecológica y bienestar en la infancia. Efectos de la relación con la naturaleza*. Editorial CCS. Madrid.
- ECOVIDRIO (20 de mayo de 2020). *Jane Goodall: "El efecto acumulado de millones de decisiones éticas puede cambiar el mundo"*. Hablando en vidrio. Recuperado el 18/07/2022 de <https://hablandoenvidrio.com/jane-goodall-efecto-millones-decisiones-eticas-cambiar-mundo/>
- EdNA (2020). *Guía de escuelas en la Naturaleza*. La Travesía Ediciones. Sevilla.
- Fernández, R. y Veiras, X. (2019). *Mapa ecosocial de Galicia*. Catro Ventos editora. Vigo.
- Fowler, J. and Mangione, T.W. (1990). *Standardized Survey Interviewing: Minimizing Interviewer-Related Error*. Newbury Park, CA: SAGE Publications, Inc.
- García, A. (2017). *Otra educación es posible: una introducción a las pedagogías alternativas*. Litera Libros. Valencia.
- Gideon, L. (2012b). «The Art of Question Phrasing». *Handbook of Survey Methodology for the Social Sciences* (págs. 91-107). Nueva York: Springer.
- Gray, P. (2016). *Aprender en libertad. Cómo recuperar nuestro instinto de juego para transformar la educación*. Ed. Esto no es una escuela. Santa Cruz de Tenerife.
- Hinds, J. e Sparks, P. (2009). Investigatin environmental identity, well-being, and meaning. *Ecopsychology*, 1, 1-6.

Hueso, K. (2012). *Mejores personas para un planeta mejor: El proyecto pedagógico al aire libre "Saltamontes", pionero en España*. Asociación Cultural Amigos de las Salinas de Interior. CONAMA, Congreso Nacional de Medio Ambiente. <http://www.conama11.vsf.es/conama10/download/files/conama11/CT%202010/1896699911.pdf>

Hueso, K. (2014). Diversidad funcional en la educación al aire libre. *Cuadernos de pedagogía*. 450; p.38-41. [https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/64440406/Hueso\\_2014\\_saltamontes\\_ed\\_especial\\_CPed\\_450-with-cover-page-v2.pdf?Expires=1651750257&Signature=FTajZ0ZyWKO3CEq4V3E5~~x4A-7NJgysbUdYqcyW65kubEhp2HiD6B65sSo7r9QBsohb8OrKB2PEPMKaBVobbuhK75Hdh05DTzPi0~wWcMJRI1OceTSLLeVUfliG9pEcIH2HSPWDprunvuhGUyouwxuDxv9fvcvOHwhRCxBF1qjAu64cJlr0C0AI2nMbCfJpGaj2H6wzPITdmNSTFESk8oB6vXNi6Vdu~S5zIoFawwwZMEzCr7VQv8s7Ra-TZDLpBcsPlq4omfdI5xvfsBzhOoMhgi-pgb7A5WuoWSZV1W543EVAktT2baN2YBTctIxFydwISTCeHu5j2vsNeOdsiQ\\_&Key-Pair-Id=APKAJLOHF5GGSLRBV4ZA](https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/64440406/Hueso_2014_saltamontes_ed_especial_CPed_450-with-cover-page-v2.pdf?Expires=1651750257&Signature=FTajZ0ZyWKO3CEq4V3E5~~x4A-7NJgysbUdYqcyW65kubEhp2HiD6B65sSo7r9QBsohb8OrKB2PEPMKaBVobbuhK75Hdh05DTzPi0~wWcMJRI1OceTSLLeVUfliG9pEcIH2HSPWDprunvuhGUyouwxuDxv9fvcvOHwhRCxBF1qjAu64cJlr0C0AI2nMbCfJpGaj2H6wzPITdmNSTFESk8oB6vXNi6Vdu~S5zIoFawwwZMEzCr7VQv8s7Ra-TZDLpBcsPlq4omfdI5xvfsBzhOoMhgi-pgb7A5WuoWSZV1W543EVAktT2baN2YBTctIxFydwISTCeHu5j2vsNeOdsiQ_&Key-Pair-Id=APKAJLOHF5GGSLRBV4ZA)

Hueso, K. (2017). *Somos naturaleza. Un viaje a nuestra esencia*. Plataforma Editorial. Barcelona.

Hueso, K. (2019). *Jugar al aire libre*. Plataforma Editorial. Barcelona.

Hueso, K. (2021). *Educación en la naturaleza*. Plataforma Editorial. Barcelona.

James, J.J.; Bixler, R.D. e Vadala, C.E. (2010). From play in nature, to recreation then vocation: a developmental model for natural history-oriented environmental professionals. *Children, Youth and Environments*, 20, 231-256.

Lissorgues, Y. (2008). *La crisis de final de siglo. El regeneracionismo*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Alicante. [https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-crisis-de-fin-de-siglo-el-regeneracionismo/html/01fab768-82b2-11df-acc7-002185ce6064\\_2.html#I\\_0](https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-crisis-de-fin-de-siglo-el-regeneracionismo/html/01fab768-82b2-11df-acc7-002185ce6064_2.html#I_0)

Martínez, A. (1993). Los valores de la naturaleza en la historia de la educación desde la óptica de la educación en el tiempo libre. *Revista Complutense de Educación*. v. 4, n. 1 ; pp. 119-143. <https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/127944/18834-18910-1-PB.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

- Mayorga, M. (2022). Directorio de Escuelas en la Naturaleza – España. <https://escuelainnatura.com/blog/2021/05/16/directorio-escuelas-en-la-naturaleza-espana/>
- McBride, B.B., Brewer, C.A., Berkowitz, A.R. e Borrie, W.T. (2013). Environmental literacy, ecological literacy, ecoliteeracy: What do we mean and how did we get here?. *Ecosphere*, vol. 4, n.º 5, pp. 1-20.
- Mead, M. (1970). *Cultura y compromiso*. Granica. Buenos Aires.
- Mies, M. e Shiva, V. (2014). *Ecofeminismo*. Icaria Editorial. Barcelona.
- Miyazaki, H. (Director). (1992). Porco Rosso. Studio Ghibli.
- Morán, C. (17 de marzo de 2019). Celia Amorós: “El feminismo es una revolución y está absorbiendo las demás”. *El País*. [https://elpais.com/sociedad/2019/03/15/actualidad/1552663877\\_409540.html](https://elpais.com/sociedad/2019/03/15/actualidad/1552663877_409540.html)
- Ngozi, Ch. (2017). *Querida Ijeawe*. *Cómo educar en el feminismo*. Penguin Random House Grupo Editorial. Barcelona.
- Ngozi, Ch. (2017). *Todos deberíamos ser feministas*. Penguin Random House Grupo Editorial. Barcelona.
- Novo, M. (2010). *Despacio, despacio...* Ediciones Obelisco. Barcelona.
- Otero, E. (1998). Excursións na natureza e educación en valores. *Eduga: revista galega do ensino*, Núm. 21, pp. 171-182. <https://investigacion.usc.gal/documentos/5d1df6bd29995204f7676ccf>
- Otero, E. (2001). *Francisco Giner, a escola primaria e a universidade*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico Campus Universitario Sur. Santiago de Compostela.
- Otero, E. (2018). Escuelas al aire libre, naturaleza y educación escolar: la inquietud en el siglo XXI. *Educació i desenvolupament rural als segles XIX-XX-XXI*, eds. Núria Llevot e Jaume Sanuy (Edicions de la Universitat de Lleida), pp. 373-386
- Puleo, A. 2021. *Claves ecofeministas. Para rebeldes que aman a la Tierra y a los animales*. Plaza y Valdés Editores. Madrid.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la lengua española*, 23.ª ed., [versión 23.5 en línea]. < <https://dle.rae.es/crisis> > [18/07/2022].

- Rousseau, J.J. (1990). *Emilio o de la educación*. Alianza Editorial. Madrid.
- Schafer, M. (2015). *El rinoceronte en el aula*. Melos Ediciones Musicales. Buenos Aires.
- Simó, M. e Suárez, L. (2020). *Encuesta por cuestionarios*. Fundació Universitat Oberta de Catalunya (FUOC). Barcelona.  
[https://campus.uoc.edu/annotation/2aced27c3b2f3f2f6a5fcb4ab521ba5/805189/PID\\_00275928/PID\\_00275928.html#w31aac13c11](https://campus.uoc.edu/annotation/2aced27c3b2f3f2f6a5fcb4ab521ba5/805189/PID_00275928/PID_00275928.html#w31aac13c11)
- Sellars, J. (2021). *Lecciones de Epicureísmo. El arte de la felicidad*. Penguin Random House Grupo Editorial. Barcelona.
- Thompson, C.; Aspinall, P. e Montarzino, A. (2008). The childhood factor. Adults' visits to green places and the significance of childhood experience. *Environment and behavior*, 40, 111-143.
- Thoreau, H.D. (2019). *Walden*. Errata Naturae Ediciones. Madrid.
- Thoreau, H.D. (2021). *Caminar*. Árdora Ediciones, SL.
- Varela, N. 2021. *Feminismo para principiantes*. Penguin Random House Grupo Editorial. Barcelona.
- Wells, N. e Lekies, K. (2006). Nature and the life course: Pathways from childhood nature experiences to adult environmentalism. *Children, Youth and Environments*, 16, 2-25.
- Wild, R. (2006). *Libertad y límites. Amor y respeto. Lo que los niños necesitan de nosotros*. Herder Editorial. Barcelona.
- Wild, R. (2011). *Las etapas del desarrollo*. Herder Editorial. Barcelona.
- Wild, R. (2019). *Educación para ser. Vivencias de una escuela activa*. Herder Editorial. Barcelona.
- Wilson, E. 2021. *Biofilia*. El amor a la naturaleza o aquello que nos hace humanos. Errata Naturae Editores. Madrid.

## 8. ANEXOS.

### 8.1. Anexo I. Entrevista a Silvia López Cabanas.

1. EmocionArte, Sentir e Crear. Por que estas palabras e non outras?

Pénsoo e xa me emocionoo. Escollemos estas palabras porque nos parece que para poder crear e para poder ser e estar hai que sentir primeiro todo o que temos ao noso redor e como estamos nós mesmas. É unha boa conxunción: emoción para expresar o arte.

2. O voso proxecto xurdiu no 2019 como unha experiencia de Educación na Natureza. Como o definirías e cales son os seus fundamentos?

Hai millóns de aspectos fundamentais da Educación na Natureza pero, sobre todo en EmocionArte intentamos:

- Aprender acerca do medio que nos rodea.
- Promover o interese polo coidado e a mellora do entorno.
- Favorecer o respecto fundamental cara todo canto temos ao noso redor, que nos alimenta, que nos nutre, que nos dá osíxeno...
- Respetar o desenvolvemento infantil: mellora das habilidades motrices, exploración sensorial...
- Sentir as emocións negativas, a tolerancia á frustración e as emocións positivas. Coñecerlas, amosalas e convivir con elas.
- Ter a capacidade de ser máis observadores.
- Ser máis sociables.
- Concienciar e sensibilizar sobre as problemáticas medioambientais.

3. A figura xurídica que decidistes para crear a vosa entidade foi a de Asociación sen ánimo de lucro. Por que?

Escollemos ser Asociación sen ánimo de lucro ao coñecer outros proxectos que había aquí en Galicia. Isto levounos a seguir os modelos xa existentes. Ademais, preguntando que compensaba máis, ser autónomas... ou cales eran as vantaxes ou os inconvenientes, decidimos que para comezar era unha forma de facelo.

4. Cres que o movemento asociativo, a creación de redes e a cultura da cooperación son necesarios para poder levar a cabo estas experiencias?

Por suposto. Creo que son fundamentais na vida mesma. O poder compartir, colaborar, cooperar e unir todo: coñecementos, experiencias, habilidades... Paréceme un modo de vida. Pero se falamos, concretamente, de Educación na Natureza e do que estamos a facer, pois me parece unha forma moi fermosa de poder xuntarnos, valorar as cousas para intentar mellorar sempre.

5. A Educación na Natureza na provincia de Lugo era por aquel entón bastante descoñecida. De que maneira chegastes a ela?

Cando volví de Alicante, onde estiven traballando de monitora de actividades de ocio e tempo libre durante 10 anos e onde tiña unha empresa de animación, decidín que era o momento de regresar a Galicia e buscar outras cousas. Sempre procurei estar o máis conectada coa natureza e a miña formación e vocación estaba moi ligada á infancia. Unha vez de volta, estudei Educación Infantil e investiguei que proxectos podían conxugar esas dúas facetas. Infancia e Natureza. Así foi como fun visitando e coñecendo as escolas que había en Galicia e atopei a Bibi, unha das creadoras da Asociación Educativa Nenea, medrar creando. Visitei Amadahi, coñecín a Victoria de Aloumiños, xente de Foresta, Carmen e Sofía de Nenea... Todas estas persoas me aportaron moito e me axudaron a ter máis claro o que cría e o que me gustaba.

6. Cales foron os principais retos a superar á hora de poñer todo en marcha? Cales foron as principais ferramentas para poder facelo realidade?

Sempre digo que son moi afortunada na miña vida, porque realmente as cousas que pasaron coa Asociación foron tomando forma de xeito sinxelo. Cando a creamos no 2019 queríamos formar unha escola do bosque, pero ao non saír, canalizamos por outra vía, pero tendo sempre presente que o que queríamos era basearnos na observación e o respecto mutuos, o diálogo, a comunicación, a confianza... Dende aí queríamos traballar. Fomos a Lalín, pedimos o local e nolo cederon moi axiña. Todo estaba para comezar, non houbo ningunha traba. O que pasa é que non xurdiron as familias, porque creron que non lles facía falla aos seus fillos e fillas unha educación na natureza, porque xa estaban no rural. As principais ferramentas foron as gañas, a motivación e o entusiasmo das persoas que a fundamos. Realmente creo que non fixo falla moito máis. Algún que outro papel, a burocracia, pero como o fixemos con moita ilusión, non foi nada duro.

7. A pesar de que a escola non xurdiu, hai interese polas actividades que realizades? Cales son as actividades que máis se demandan?

Dende EmocionArte facemos campamentos, colaboramos coa parroquia, facemos servizos para entidades ou persoas que o soliciten como festas, excursións... Colaboramos con outras asociacións para promover o respecto e o amor pola natureza. Si que notamos interese.

8. Non só traballades coa infancia, tamén lle dades moita importancia ás familias. Cal é o motivo?

Claramente cremos que ten que haber unha simbiose entre familias e acompañantes. Ter os mesmos obxectivos, claros e definidos. De pouco vale se nun lugar lles dicimos unha cousa e logo, no fogar, lles din a contraria. Iso sería bastante contradictorio. Parécenos fundamental que esteamos de acordo, en sintonía. Ademais, poder coñecer realmente a cada neno/a tamén hai que coñecer a realidade de cada familia para poder axudalos e acompañalos a través da escoita e da nosa presenza.

9. Que atrancos atopastes á hora de achegarvos ás familias e de dar a coñecer o proxecto de EmocionArte?

Para presentar o proxecto fixemos xuntanzas, reunións e quedabamos nas diferentes Casas da Cultura ou locais asociativos onde nos invitaban, tamén dende o Concello e mesmo interviñemos en programas de radio. Falamos moito do noso proxecto e notamos que había interese e que si chamaba a atención. Máis que nada porque non o coñecían e lles causaba curiosidade. As persoas que asistiron a estas charlas querían saber de que se trataba. As trabas non foron para dar a coñecer o proxecto. A problemática xurdiu máis no momento de captar, porque aínda que lles gustaba moito, non todas as familias podían afrontar a parte económica (este foi o primeiro atranco) e outras familias non comprendían a necesidade de cambiar de colexio cando os seus fillos e fillas xa ían a un cole rural. Como o cole estaba no campo, non acababan de entender todas as implicacións e todos os cambios que supón a Educación na Natureza. Xa non só os espazos, senón a forma de estar con cada neno e cada nena. Supoño que iso precisa de máis tempo.

10. Na páxina web do proxecto tedes un manifesto no que falades do reino dos caracois. Que cres que aporta este ritmo pausado á infancia?

Este ritmo pausado outorga prioridade ás súas necesidades e aos seus intereses e talentos individuais. Acompaña a evolución da infancia e da adolescencia, para que os menores poidan desenvolverse de xeito autónomo e capaces de ser responsables e conscientes da súa propia vida. Viven o presente, están e disfrutan diso que fan en cada momento. Os adultos ímonos perdendo con todas as cousas que temos que facer e nas presas. Sempre estamos a correr. Con este ritmo pausado eles viven o que senten e o que ocorre nese momento. Movemento slow, ao ritmo dos caracois, facendo as cousas con calma e sabendo que así son capaces de interiorizar e sentir as súas experiencias.

11. Que outros aspectos son fundamentais na vosa metodoloxía?

O principal é o respecto cara a todo. A concienciación e a sensibilización é moi importante, coas problemáticas medioambientais. Interese polo coidado e a mellora do entorno. E polo coidado a nós mesmas, por suposto. Ademais de todos os beneficios que aporta estar en contacto diario coa natureza: mellorar as habilidades motrices, a exploración sensorial. Os nenos tamén senten menos as emocións negativas e se adquiren outras habilidades para a tolerancia á frustración e capacidade de resiliencia e de adaptación. Son máis observadores e máis sociables.

12. Por que é tan importante respectar a posibilidade de xogo libre?

O xogo libre permite infinitas posibilidades. Os nenos e nenas desenvolven maior autonomía e capacidade na toma de decisións. Tamén desenvolven, como falabamos antes, o respecto cara si mesmos e cara o entorno. E hai unha frase moi fermosa que é: Coida o que amas; ama o que coidas. Se iso se interioriza dende a vivencia e o facer diario é moito máis sinxelo entendelo. Por suposto que favorece a curiosidade, xa natural, que teñen xa os nenos e as nenas de por si, Pero nun entorno favorable, é moito máis óptimo. Desenvolven a creatividade e a imaxinación.

13. Esta metodoloxía é só para Educación Infantil ou cres que se pode estender a outros ciclos e a outras idades?

Non é que o crea, e que por suposto que se debería estender a outros ciclos e a outras idades. Debería estar permanente na vida a capacidade de aprender, de crear, de observar constantemente e de, non só mirar, senón ver o que hai ao noso redor.

14. A permanencia na natureza é fundamental na Educación na Natureza, pero o acompañamento que realizades está moi coidado. En que se basea?

O entorno é fundamental por todos os beneficios que aporta. Son importantes tamén os grupos heteroxéneos e os ambientes. O acompañamento que levamos a cabo ten en conta todo isto pero, sobre todo, pon o foco nas necesidades e nos intereses e talentos que poidan amosar os nenos e nenas. Entón nós acompañamos a evolución da infancia e da adolescencia para que eles poidan desenvolverse como persoas autónomas, capaces, responsables e conscientes do momento, do que fan, do que senten... Porque, claro, as persoas aprendemos, fundamentalmente, a través da experiencia, da imitación e da observación. Os nenos e nenas dedican todo o seu tempo e as súas neuronas a esas cousas. É importante predicar co exemplo para que eles observen, vexan, noten e sintan esa forma de acompañamento, que logo reproducen.

15. As mochilas son un material moi importante nos grupos de xogo na natureza?

Si. Somos aventureiros e somos nenas e nenos bosque. Nas mochilas vai unha parte fundamental que precisamos todos os días. Alimentación, vestiario, útiles que necesitamos para estar no bosque.

16. Cal vai ser a mochila emocional e vivencial que levará consigo cada crianza, tras participar neste tipo de experiencias?

Esta pregunta ten o seu aquel, porque moitas veces cando a xente fala da mochila que leva a costas é como o peso que acumulamos de experiencias que non podemos afrontar. Entón é como esa carga. Mestura de lembranzas, de experiencias e sentimentos de diferente intensidade, que debemos aceptar, identificar e observar para coñecer as emocións que experimentamos. Neste caso específico, cos nenos e nenas que medran en grupos heteroxéneos e en contornas naturais, cun acompañamento que ten en conta as súas necesidades e o que precisan, as súas mochilas van repletas de amor, de enerxía, de autoestima, de seguridade, de capacidade de adaptación. As experiencias que vivan aquí van perdurar. A infancia que viven aquí é fermosa e aporta moitos beneficios positivos. E un deles son as lembranzas positivas e a resolución de conflitos que aprenden a xestionar por si mesmos.

17. Canta Jorge Drexler que “si quieres que algo se muera, déjalo quieto”. O movemento é importante na Educación na Natureza? Por que?

O movemento é importante sempre, pero estando no entorno que estamos moito máis, porque hai continua actividade de movemento e hai moitas cousas que facer, ver. Moitísimas posibilidades. Co movemento desenvolven a súa capacidade para pensar; melloran a súa comunicación a través da interacción co medio e con outras persoas constantemente. O movemento tamén promove a confianza neles mesmos e mellora a autoestima. Ademais, algo fundamental a ter en conta é, que os nenos usan o seu corpo para comunicarse e para resolver problemas. O seu corpo é o que teñen a man e o que están aprendendo a usar.

18. Despois de estar coas crianzas na natureza que impresión che queda e como notas á infancia na súa relación coa natureza?

A impresión é totalmente positiva, gratificante e éncheme de paz, de ledicia e de satisfacción. Cada día, para min como acompañante, é unha carga de vitamina impresionante. Velos a eles, como se relacionan co entorno, ese respecto, ese coidado, esa atención... paréceme grandioso.

19. Observas diferenzas entre as crianzas que participan en iniciativas de Educación na Natureza habitualmente e as que participan nunha educación máis convencional?

Totalmente. De xeito, a veces creo que son mundos aparte. Que si que é verdade que depende moito das familias e do tipo de educación que se lle dea aos nenos; da escoita; do acompañamento; do tempo de calidade que pases con eles... Pero si hai moitas cousas que cambiar no sistema convencional. Metodoloxías, termos que se seguen empregando dende fai séculos... cousas que claramente non axudan. E, claro, se as familias apoian iso e/ou non dedican tempo real a comprender, a estar, a sentir ou a escoitar como senten os nenos, cales son as súas necesidades... é bastante complexo. Xeralmente, as familias que se achegan á Educación na Natureza xa senten doutra maneira, xa parten doutra base de escoita e de acompañamento. Entón, para min, moitas veces digo que son dous mundos paralelos. Que hai de todo en todos os sitios pero, dende o meu punto de vista, si que noto diferenzas.

20. A Asociación EmocionArte quería crear un aula permanente na Natureza na Comarca do Ulla. Cales son os motivos polos que a escola non se creou?

Queríamos estar na Comarca do Deza, realmente, porque sabemos que aquí na Ulloa si que é moi pequeno e ía ser moi complexo poder empezar con este proxecto. A

Comarca do Deza era un pouco máis ampla e, aínda así, tampouco todo o que debía ser, porque xa as estatísticas dicían que, como mínimo, debería haber 100.000 mil habitantes para que o proxecto puidese ter algunha posibilidade. Non era o caso, pero arriscamos porque dixemos: Malo sexa que non haxa 4 familias, 5, que nos apoiem e así poder comezar. Pero, como xa expliquei en preguntas anteriores, non ocorreu así. Había 2 familias interesadas, que logo quedou en 1. E logo redireccionamos e reestruturamos o proxecto e, aínda que levamos os mesmos pensamentos e os mesmos valores nos que cremos, canalizamos máis en campamentos, actividades coa parroquia, con familias, obradoiros específicos... Contentas igual.

21. Iso non vos freou. Como van os plans de futuro?

Non nos frea nada, nunca. Hai que seguir camiñando sempre cara adiante. Os plans de futuro, con respecto ao proxecto educativo está parado, co cal non é nun futuro próximo. Quen sabe máis adiante... as voltas que dá a vida. Pero o futuro de agora é seguir afianzando clientes que cren en nós, aos que lles gustamos, que comparten a nosa metodoloxía e a nosa forma de pensar. Seguir plantando a semente. É o que dicimos sempre, se podemos seguir sementando, pouco a pouco, nos máis cativos e eles noutras persoas que teñen ao redor, xa será algo fermosísimo.

22. Como ves o futuro da Educación na Natureza na provincia de Lugo? Sentes que está aumentando o interese e o coñecemento do que supón este tipo de educación?

Sinto que si está aumentando o interese e o coñecemento sobre a Educación na Natureza, o respecto ao medio ambiente, de movementos ecoloxistas, de coidados de protección... Iso si o sinto, pero ao mellor a un nivel máis amplo. Non sei se en Lugo. Encántame que exista Nenea e que haxa escolas na natureza noutras provincias de Galicia, pero creo que debería haber moitas máis. Tamén creo que a xente debería achegarse moito máis para coñecer o que realmente é a Educación na Natureza; para ver o que disfrutan os nenos, para ver o que eles senten e como xestionan as súas emocións e sentimentos, como medran, como evolucionan, como progresan... Meu Deus! Eu vin nenos nacer case e agora os vexo con 3 anos e é unha pasada a autonomía, a seguridade... que non ves noutros casos e noutros contextos. Entón me parece que debería darse máis visibilidade a estes proxectos. Estaría moi

leda de ver que estes proxectos tivesen un progreso maior. Pero confío e agardo que a xente se vaia achegando un pouco máis.

## **8.2. Anexo II. Entrevista a Minerva Varela Saa.**

1. Como naceu este proxecto? Foi a raíz do Máster DAEN ou a idea xa estaba dentro de ti previamente?

O amor pola natureza sempre estivo dentro de min. Eu quería ser oceanógrafa e bióloga mariña, pero foi algo que non fixen. Non me arrepinto, porque grazas a non facelo, atopei a miña vocación, que é ser mestra. Dende o primeiro ano que entrei na carreira alucinei con todo; con cada proceso, cada descubrimento: Reggio Emilia, Montessori... todo. É unha forma de vivir. Dentro de min sempre habitan unhas ansias por crear unha ONG e cambiar o mundo. Quero que todo o mundo se conecte co entorno natural. Non deixo de unir o meu soño coa miña vocación.

2. Habería quen diría que cambiar o mundo a través dunha actividade de luns na natureza non é cambiar o mundo?

Eu contestaría, por exemplo, que o mundo desa persoa igual non. Pero o mundo dos meus nenos e o meu, si. Eu xa cambiei ese mundo. Xa o cambiei dende o momento en que se involucraron. Cambiei as súas vidas. Obviamente o mundo é moi extenso e non vou chegar a América, nin a Asia, pero calquera día me estudan.

3. Pois si, aquí estou eu estudando o teu proxecto.

Exacto. Seguramente un anaco do teu mundo xa o cambiei.

4. Por que Aventúrate na Natureza? De onde saíu o nome?

Creo que cada día que saes á natureza é unha aventura. De pequena ía co meu avó a buscar cogomelos e nunca sabiamos o que nos agardaba na natureza. Levabamos un plan, pero podía cambiar. Eu mesma, que organizo as actividades dos luns, sei que levo unha idea programada pero a miña predisposición pódese cumprir ou non, mesmo pode ser mellor do que agardaba.

O proxecto do que se trata é de coñecer o que temos aquí, todos os recursos naturais e culturais, as historias das persoas maiores e dos nosos avós, poñer en valor a vida do rural, a muller no rural, a concienciación ambiental, a reciclaxe, a comida saudable... por iso traballo moito a figura da muller labrega tamén. Hai múltiples recursos que tamén son necesarios coñecer. Non imos ser cavernícolas. Quero que

coñezan o que temos en Guitiriz para que o coiden e o día de mañá, se queren, volvan aquí e saiban respectalo e transmitilo. E, ao mesmo tempo, é importante coñecer a realidade que temos máis lonxe para saír da rutina.

Aventúrate na Natureza é cada luns nun lugar diferente. A Educación na Natureza non é só estar fóra. É que toques a natureza e que fales dela mesmo ténndoa lonxe. Podes estar entre catro paredes falando e sentindo a natureza. Non tes que estar todo o día nunha carballeira, porque nun obradoiro de cociña podes falar de natureza dende os alimentos que estás consumindo. É un cambio de mirada, de perspectiva. É xuntar moitos aspectos. De feito, ao principio fíxoseme complicado, porque eu quería tantas cousas nunha... É imposible que puidera deseñar actividades que puideran recoller todos estes aspectos.

5. Algo moi interesante de Aventúrate na Natureza é que non só é un proxecto de Educación na Natureza, senón que é máis global, posto que tamén é educación no rural.

Cando fun falar coa alcaldesa para presentarlle o proxecto, resumino dicíndolle que se a infancia non coñece o rural, nunca o van valorar nin nunca van volver a el. E se todo o mundo marcha do rural, o rural morre. E tes que comezar dende abaixo. Un señor maior de 60 anos que foi traballar na segunda emigración ao País Vasco ou a Suíza, igual xa está alí e non vai volver. E o que lles tes que ensinar a eses nenos é que volvan. E como volven? Só coñecendo as cousas que teñen e valorándoas, e queréndoas, e respectándoas e coidándoas. E como as coidan? Con concienciación ambiental. Eu nunca querría volver se non coñezo o sitio no que vivo. E os nenos non coñecen o sitio no que viven, porque están estresados; porque van ao colexio e coñecen o colexio, aos profesores e ás estruturas; pero non saben que hai unha vía do tren e máis aló hai un río e máis aló unha fervenza, e máis aló unha ruta onde houbo un bar e unha cova que se chama a Cova da Serpe... E, dependendo do pobo, no que vivas, cóntanche unha anécdota diferente sobre a cova. Pero non a saben, porque non teñen tempo para pasar cos seus avós contando historias. Esa aldea está abandonada, dirían. Non está abandonada, a xente marchou e non volveu.

6. E como cres ti que se pode coñecer o lugar no que vives?

Dentro do meu proxecto algo que ten moita importancia son as lendas. As lendas son a conexión entre o mundo real e o fantástico. E non sabes o que é verdade e o

que é fantástico. Creo que é un punto clave para entendelo todo. As lendas lévanse transmitindo por sempre. Por que? Esa é a pregunta clave. A sociedade e a cultura transmítese nas lendas. Cando o raposo comeu o queixo que roubou na casa... A mitificación do lobo... Que está analizando esa lenda? Son moitas mentalidades, moita cultura. E iso é importante que o saiban. Por iso, case o primeiro trimestre de Aventúrate na Natureza centrouse nas lendas locais como a da Cova da Serpe. Foi a base para comezar unha aprendizaxe na natureza. O que nos contan e o que é verdade e o que non o é. O que queremos crer. Cada un ten que experimentar ese pensamento crítico. E así é como comezo, pola transmisión de valores que poden ser mellores ou non. E que cada neno e nena escolla os que máis lle conveñan. Moitos nenos ao contar a lenda da Cova da Serpe poñían en dúbida que puidese existir unha serpe tan grande. Pero esa non é a cuestión. A cuestión é como a serpe se converteu nun símbolo de maldade só por ser a descoñecida. Na nosa cultura moitas son as lendas que se basean na maldade representada a través de algo descoñecido ao que se fai fronte creando grupo entre veciños.

7. A permanencia na natureza é fundamental para a mellora da capacidade de observación?

Ao estar na natureza ensínanche cousas que ti non te paras a mirar: formigas, plantas...etc. De aí pasan a querer contarche unha historia sobre algo que saben. E, como adulta, párome a pensar: en que momento perdín esta curiosidade? No exterior trabállanse un montón de competencias: análise de detalle, aprender a aprender... Hai que ser conscientes de que estes nenos teñen que pasalo ben a medida que aprenden, porque veñen despois de 8 horas de colexio. Hai días que veñen alteradísimos e hai que deixar que descarguen toda esa adrenalina.

8. Poderíase definir o proxecto de Aventúrate na Natureza como non directivo? Entendendo non directivo como esa liberdade de que entre todas as persoas que participades na proposta ides facendo o que queredes aprender?

Eu fago de guía no camiño. Pero se ese camiño se quere torcer ou queremos coller outro camiño vai ser unha decisión entre todos. E teño pensado actividades que van cambiando mentres a realizamos. Por exemplo, un día iamos facer o Camiño de Santiago e acabamos cambiando a ruta. Por cambiar o camiño non vai saír peor a actividade. O importante da actividade é que eles aprendan e estean motivados e que desconecten da directividade da escola. A primeira actividade que fixen con este

proxecto foi en colaboración co meu tío, que é artista. El levaba un plan, que era facer un peixe coas follas do outono que atopáramos na ruta. A sorpresa foi que os nenos e as nenas entraron na proposta de crear unha figura coa técnica de land art, pero en vez dun peixe, plasmaron o volcán da Palma, que estaba saíndo continuamente nas noticias.

#### 9. Como notas iso nos nenos?

Moitísimo. Cando comezou a actividade de cada luns todo era novo, todo lles resultaba sorprendente. Comeza o xogo e despois estabilízase. É moi difícil manter a curiosidade e a motivación sempre. Hai moitos factores: ambientais, persoais, familiares... Aínda así, nenos que polo xeral non contan nada na casa, rematan o luns de Aventúrate e pasan horas falando con súa nai sobre o que fixeron e involucran ás súas familias (pais, nais, avós e avoas...) nas súas aventuras: lévanos a ver o que fixeron; a coñecer os espazos novos...etc. De aí que o contacto directo coa familia sexa imprescindible. E, sempre que se pode, tamén participan nas actividades de Aventúrate: foron á granxa, fixeron unha xincana (un avó corría cando atopou a pista de primeiro)... Ademais, un claro síntoma de que algunha visita lles gustou e que despois levan ás súas familias a visitalo. Outra das cousas que noto é que para os nenos de 6-7 anos non é tan importante a actividade, senón o estar na natureza con outros nenos e nenas. En cambio, a partir dos 8 anos os nenos e as nenas xa teñen días nos que necesitan aprender contidos, eles mesmos cho piden. E esa é parte do teu traballo.

#### 10. Como é o teu traballo de acompañante?

Eu non traballo só os luns en Aventúrate na Natureza. Teño que recoller información, teño que indagar nas miñas lembranzas, teño que indagar en páxinas especializadas que me permitan buscar os contidos necesarios... Ademais, teño o obxectivo de que coñezan os meus santuarios: a canteira, a granxa ecolóxica... Parto do que a min me gustaría aprender e do que eles necesitan, porque os coñezo.

Ás veces os mestres estamos moi acostumados a programar cada minuto con contidos didácticos. Pero igual de importante, ou máis, é que poidan estar sentados e falando do que fixeron onte, do que lles gusta e do que non. Moitas veces queremos que todo saia perfecto e perfecto é como eles van e fan. O fundamental é crear un espazo no que poder estar, ser e conectar.

11. Que importante ter en conta as súas necesidades?

Si. Creo que neste grupo hai moitas necesidades que non se cobren noutros espazos, pero si en Aventúrate na Natureza. Igual non están cubertas a través das miñas respostas, pero si son cubertas co ambiente no que nos movemos. E aí entran tamén as diferentes personalidades de cada un, porque ti como acompañante pódeste crear certas expectativas para crear un gran equipo onde haxa comunicación e, de súpeto, estanse pelexando... Pero eses procesos son normais no seu desenvolvemento e hai que darlle cabida dentro do proxecto. Non se trata de facer o que lles dá a gana, pero si teñen que sentir que neste espazo nos escoitamos e nos respectamos.

12. As sesións que realizades os luns teñen algún tipo de estrutura? Hai aspectos que se repiten en todas as sesións ou cada unha é diferente?

A estrutura é organizada pero, ao mesmo tempo, é moi voluble. Non está organizada segundo un tempo fixo, porque non sabes como van vir ese día. E, ao mellor, necesitan outra cousa. Si que hai unha actividade, pero é flexible. Os días de excursión poden ser sorpresa ou non, dependendo da curiosidade que teñan. Créase expectación.

A estrutura está moi ben, pero ás veces é importante saber saír dela.

13. Parece que a Educación na Natureza ten como uns recursos tipo: un conto dentro da sesión, un rato de obradoiro e un rato de xogo libre. En Aventúrate seguides esa estrutura?

A maioría das actividades son diferentes, excepto as buscas do tesouro, que eles saben que teñen que buscar e atopar algo. Estas actividades e ir á granxa son as propostas que máis os motivan. Realmente o fundamental é transmitir cariño polo que fas e a autenticidade dunha mesma e iso é co que se quedan.

14. Por que os luns e non outro día?

De primeiras a programación ía ser luns e xoves, en horario de 16.00 a 18.00. Finalmente quedou só nun día. Collín o luns, porque creo que é o peor día da semana. E era unha motivación para recargar as pilas despois de ter que madrugar para ir ao colexio, rompendo un pouco coa rutina.

15. En que se diferencian as actividades anuais dos luns e as actividades do verán?

Para min son actividades moi diferentes. As dúas están programadas de xeito moi diferente. Nas propostas anuais creas un vínculo, non só coas crianzas, senón tamén coas familias. Ademais, Aventúrate na Natureza é unha opción. É unha educación non obrigatoria e o peso dos contidos curriculares non é tan grande. Ás veces só hai que pasear e relaxarse, deixando que cada un pense nas súas cousas ou pegándose con paus. E outras veces somos capaces de construír unha concienciación moito máis profunda. No campamento vai haber crianzas que só recibirán unha concienciación ambiental durante 15 días e cuxas familias non poderás coñecer en profundidade. Isto supón, dende a miña metodoloxía, estimular a súa curiosidade con actividades moi dinámicas, lúdicas e coas que poidan aprender pero, claro está, non tanto como aprenderán os nenos e nenas que están nas actividades anuais. No campamento non é tanto contido, senón máis ben un achegamento e un contacto principal coa natureza, para que os que, nun futuro, queiran seguir explorando esa información, poidan continuar tirando do fío. Isto xa é unha elección deles. Esas actividades do campamento van transmitir valores a través do xogo, pero fas grupo doutra maneira, porque falta tempo. Sementas a través do exemplo e levan un modelo de referencia que poden imitar ou non, en base á súa propia decisión. Esta forma de achegarse á infancia a través do xogo é fundamental. De nada vale que hoxe os leve a San Alberte e que lles dea un discurso histórico sobre ela coma se dunha clase maxistral se tratase. A infancia precisa movemento e xogo, polo que os contidos que se traballen terán que chegar a través dunha aprendizaxe por descubrimento. Eles son os protagonistas do seu desenvolvemento e da súa educación. O coñecemento é intrínseco e sae dende os seus intereses propios.

O proxecto no verán é moi lúdico: un día imos á granxa, outro día imos sachar con Angelita do Curro Vello... Estas actividades non son obrigatorias. Se ves obrigado, non aproveitas o tempo. Despois do verán as actividades comezaron un pouco tarde. Catro nenos. A medida que coñecín aos nenos o proxecto foi evolucionando. Ten unha parte lúdica, pero tamén pedagóxica e educativa, posto que dende o momento en que estás en contacto con eles xa estás educando. Ao coñecer aos nenos e ás familias, o proxecto cambia e vaise adaptando todas as actividades ás súas necesidades. Primeiro fas actividades que axuden a ese primeiro contacto e ao coñecemento grupal. Pero despois as crianzas van collendo confianza e xa é unha explosión e as actividades medran coas aportacións de todos.

16. Tes a sensación de que no verán hai máis afluencia debido ao bo tempo? En Galicia, ás veces, parece que por mor do clima non podemos facer nada na natureza?

Iso foi algo que aprenderon as familias de Aventúrate na Natureza este ano. De todos os luns que houbo actividade, só quedamos en interior dous días. Non pasa nada por saír, podemos ir con chubasqueiros. Ao principio nos nenos tamén se apreciaba ese “medo” ao mal tempo, transmitido pola familia. Pero agora, cando vai mal tempo, xa non preguntan se hai actividades, porque saben que saímos chova, neve ou vente. Ademais, só son dúas horas. Por moito que te molles, cando chegues á casa xa te cambias. No meu proxecto non utilizamos un equipamento como o das escolas na natureza, porque sería un gasto demasiado alto para as familias e para o uso real que lle daríamos. Si que se pide que veñan cómodos e cun mínimo equipamento deportivo, pola súa propia comodidade, pero non hai maiores requisitos.

17. Como fixeches a publicidade do proxecto?

A actividade estaba incluída na programación do Concello e, polo tanto, tamén saía anunciada nas súas publicacións. Pero a veces as TIC non chegan á xente e imprimín os carteis (como hai cincuenta anos) e fun aos colexios e ao instituto para falar con eles directamente. A miña primeira idea estaba enfocada á creación de dous grupos para adolescentes e outros dous para nenos. A miña formación é de Educación Infantil, pero eu quería darlle ao Concello un servizo que non tiña. Para adolescentes non hai servizos, non hai natureza, non hai esa concienciación. O enfoque para estas idades era combinalo coa arte urbana, arte na natureza e música actual, pero non saíu o grupo.

18. Cales foron os maiores atrancos ou dificultades que te atopaches para dar a coñecer o teu proxecto?

As familias. Moitas delas cren que por vivir no rural, os seus fillos e fillas xa non necesitan estar nunha actividade como Aventúrate na Natureza. Non cren necesario visitar unha granxa ecolóxica, cando xa teñen pitas na casa. Non ven a importancia de que as crianzas toquen a terra e recollan eles mesmas as cabaciñas que plantaron ou que coñezan outras formas, diferentes ás de toda a vida, de coidar ás vacas.

No meu proxecto eu quero que cada un veña da súa familia e das súas condicións e que, en Aventúrate, aprendan a respectarse uns aos outros. Eu non lles vou dicir que está mellor que sexan ecoloxistas, aínda que eu o sexa. Senón que en Aventúrate van aprender a respectar a opinión dos demais, aínda que sexa diferente á súa propia. E, en contrapunto, van aprender a ver o que pasa na natureza e que eles mesmos elixan o que está ben e o que está mal en base ás súas propias conclusións.

19. Percibes que as familias teñan medo de que os seus fillos e fillas se manquen ao estar na natureza? Como afrontas o tema do risco en Aventúrate?

Ao igual que co tema do mal tempo, o medo ás caídas e ao risco foi indo a menos. As familias foron entendendo que a infancia non pode vivir nunha burbulla na que todos os perigos están controlados. Son familias que non sobreprotexen. Ademais, non están presentes en todo momento. A min como acompañante, a veces cústame velos en situacións perigosas, pero deixo que pase o que teña que pasar (sen arriscar demasiado), para que aprendan cales son os seus límites. Darlles esta autonomía permite que sexan responsables de si mesmos. Sen autonomía, non coñecen o límite e é cando corren riscos innecesarios. Se sempre están acostumados a que alguén os estea avisando continuamente, perden a capacidade de observación e autocoidado. Hai nenos que aprenderon os seus límites en Aventúrate na Natureza. O límite é saber andar polo monte e non esvarar nunha rocha húmida chea de musgo e fungos. O límite só se explora con autonomía. Cando estamos nunha situación grupal novidosa, que nunca viviron, é importante que a acompañante marque ben ese límite. Hai veces que a actividade ten que paralizarse para falar deses límites: imos pasar por aquí, porque esta zona é perigosa; non arrincamos plantas, porque se todo o mundo que pasa por aquí o fai acabaremos sen vexetación...etc.

**Anécdota:** Un neno de 10 anos preguntou por que os fentos de Guitiriz non teñen esporas. Ninguén do grupo sabía a resposta e comezaron unha investigación para descubri-lo. O neno fixárase que nas rutas con Minerva os fentos non tiñas esporas, pero na casa dos seus avós, si.

**Actividade.** Altéranse moito cando imos de excursión e, ao mesmo tempo, agradéceno moito. Fomos ao Acuario Finisterrae de A Coruña en bus. Foi unha visita increíble. Aprendemos moitísimo. Falo en plural, porque eu son a primeira que aprendo.

Chegaron á Coruña e pensaron que había un atasco. Non era un atasco, eran os semáforos en vermello. Quedaron abraiados cos edificios grandes e con todo aquilo que non ven no seu día a día.

**Actividade:** Fixemos unha ruta e despois fixemos un obradoiro de cociña con froitas e plantas. Con esas froitas e plantas debuxaron e plasmaron o que viran no paseo para amosarllo despois ás súas familias. Pintaron as vías do tren, unha casa, un sinal...

**Actividade:** Un día fomos a Bascuas a unhas fervenzas do río, no inverno e facía moito frío, así que leveilles chocolate quente para beber xuntos nunha das pausas. A Educación na Natureza non é só ser saudable, tamén é crear un vínculo afectivo. O chocolate quente foi un detalle. Outro día traballamos coa película de Charlie e a fábrica de chocolate. Eu quería traballar o libro, pero o feito de incluír a Roald Dhal a través do cinema, foi un enganche para eles. Crear vínculo. Ás veces necesitas tirar de algo visual para chegar ao escrito e que cheguen a interesarse por Rosalía de Castro, Clara Campoamor, Iolanda Castaño...

**Actividade:** visita a contorna de San Alberte. Esta proposta está orientada a coñecer algunha das características desta edificación tan emblemática do Concello de Guitiriz, a través do xogo. Minerva preparou unha especie de busca do tesouro polos arredores da igrexa. As pistas de hoxe van en sobres e caixas de cartón. As crianzas irán atopando e lendo cada unha das pistas que os levarán a construír o seu propio coñecemento sobre este templo gótico que ten 8 contrafortes de granito (este dato coñéceno, porque durante un mes traballaron sobre os minerais e visitaron antigas canteiras de granito. A investigación provocou moito interese e eles mesmos profundaron moito máis do que agardaba Minerva) que o elevaban todo o posible para estar máis preto do ceo; a fonte milagreira onde se recuperaba a fala e o antigo centro de curación de peregrinos. Neste tipo de xogos nótase moito quen sabe traballar en equipo e a quen lle custa máis. Esta vivencia vai ser significativa e, dentro de 20 anos, lembrarán este espazo, aínda que non poidan citar os contidos que traballamos.

### **8.3. Anexo III. Solicitud de colaboración enviada á FAPACEL e á CONCAPA.**

Bo día. O meu nome é Paula Buján López. Póño-me en contacto con vós para solicitar a colaboración da Federación nun estudo sobre a Educación na Natureza. O seguinte enlace é un cuestionario, cuxos resultados formarán parte do meu TFM para o Máster DAEN da USC.

<https://forms.gle/RU3yH6mkTksBumsD9>

O cuestionario que vos envío é anónimo e confidencial. Ao responder ás seguintes preguntas estás axudando a realizar un estudo para o Máster de Dirección de Actividades Educativas na Natureza (DAEN) da Facultade de Formación do Profesorado da USC no Campus de Lugo.

O resultado do mesmo servirá para analizar a importancia que as familias pertencentes ás ANPAS da provincia de Lugo lle dades á Educación na Natureza e ao contacto das crianzas co medio natural no seu tempo libre. Entendendo a Educación na Natureza como "a formación integral das persoas a través dun contacto regular, directo e permanente coa natureza silvestre (o menos manipulada posible); sendo esta o escenario de referencia, a fonte de materiais e inspiración para un estilo de vida respectuoso con ela" (EdNA, 2021). A Educación na Natureza ten como rasgos chamativos a permanencia ao aire libre, un acompañamento respectuoso e o xogo espontáneo e libre no que a aprendizaxe autónoma responde aos intereses das crianzas.

Como todo estudo académico, preciso do maior número de respostas para que amosen a realidade, polo que tamén vos pido que animedes, na medida das vosas posibilidades, á participación das familias.

Moitas grazas pola vosa atención.

Agardo saber a vosa opinión.

Paula Buján López.

#### **8.4. Anexo IV. Cuestionario sobre Educación na Natureza. Preguntas e resultados.**

O cuestionario tiña a seguinte introdución:

O seguinte cuestionario é anónimo e confidencial. Ao responder ás seguintes preguntas estás axudando a realizar un estudo para o Máster de Dirección de Actividades Educativas na Natureza da Facultade de Formación do Profesorado da USC no Campus de Lugo. O resultado do mesmo servirá para analizar a importancia que as familias pertencentes ás AMPAS da provincia de Lugo lle dades á Educación na Natureza e ao contacto das crianzas co medio natural no seu tempo libre. Entendendo a Educación na Natureza como "a formación integral das persoas a través dun contacto regular, directo e permanente coa natureza silvestre (o menos manipulada posible); sendo esta o

escenario de referencia, a fonte de materiais e inspiración para un estilo de vida respectuoso con ela" (Edna, 2021). A Educación na Natureza ten como rasgos chamativos a permanencia ao aire libre, un acompañamento respectuoso e o xogo espontáneo e libre no que a aprendizaxe autónoma responde aos intereses das crianzas. Moitas grazas polo voso tempo e a vosa colaboración.

A continuación se presentan todas as preguntas e respostas que se obtiveron:

Idade:  
112 respostas




Figura 1: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Sexo  
112 respostas




Figura 2: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Estudos:  
112 respostas




Figura 3: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Ingresos económicos da familia anualmente.  
112 respostas




Figura 4: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Nº de fillos/as:  
112 respostas




Figura 5: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Non pertenzo a ningunha AMPA, pero enviáronme este cuestionario e quixen aportar a miña experiencia.

82 respostas




Figura 6: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

O colexio dos meus fillos/as é:

112 respostas




Figura 7: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Consideras importante que a infancia medre en contacto coa natureza?

112 respostas




Figura 8: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Que cres que pode aportar aos teus fillos/as un entorno natural non humanizado (un bosque, unha pradeira, formacións rochosas, unha praia, un río...ndarizado como os parques que están nas cidades?

112 respostas




Figura 9: Enquisa por cuestionario.

Fonte: Elaboración propia (2022).

Durante o curso escolar, de luns a venres, cantas horas pasan os teus fillos/as na natureza? (Entendendo natureza como aquel espazo silvestre, o...unha praia, un río, unha lagoa, lamazais,...etc.).




Figura 10: Enquisa por cuestionario.

Fonte: Elaboración propia (2022).

Cales son as maiores dificultades que tes para poder estar na natureza cos teus fillos/as durante a semana? (Entendendo natureza como aquel espazo sil...nha praia, un río, unha lagoa, lamazais,...etc.).

112 respostas



Figura 11: Enquisa por cuestionario.

Fonte: Elaboración propia (2022).

Unha das alternativas existentes de Educación na Natureza son os Grupos de xogo, que están pensados para axudar ás familias a proporcionar e...lvestres diariamente. ¿Coñecías a súa existencia?  
112 respostas




Figura 12: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Como de interesante é este concepto para ti?  
112 respostas




Figura 13: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Cales dos seguintes aspectos che atraen do concepto? Podes seleccionar máis dunha resposta.  
112 respostas




Figura 14: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Cales dos seguintes aspectos non che atraen do concepto? Podes seleccionar máis dunha resposta.

112 respostas




Figura 15: Enquisa por cuestionario.

Fonte: *Elaboración propia (2022).*

Estarías interesado/a en que os teus fillos/as participasen nun Grupo de xogo na Natureza?

112 respostas




Figura 16: Enquisa por cuestionario.

Fonte: *Elaboración propia (2022).*

Partindo da base de que o prezo deste servizo che parecera aceptable...que probabilidade hai de que apuntases aos teus fillos/as a un Grupo de xogo na Natureza?

112 respostas




Figura 17: Enquisa por cuestionario.

Fonte: *Elaboración propia (2022).*

Cres que a túa AMPA estaría interesada en participar nunha xornada divulgativa sobre a Educación e os Grupos de Xogo na Natureza?

112 respostas




Figura 18: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Que outro tipo de actividades de Educación na Natureza che interesarían? Podes seleccionar máis dunha resposta.

112 respostas




Figura 19: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).

Estás interesada/o en recibir información sobre o Grupo de Xogo na Natureza "Andacamiños"?

112 respostas




Figura 20: Enquisa por cuestionario.  
Fonte: *Elaboración propia* (2022).